



MERCADO DE TRABALLO E RELACIÓNES LABORAIS

2.1.- Actividade, ocupación e desemprego

2.2.- Relacións laborais

2.3.- Seguridade e saúde no traballo

2.4.- Políticas activas de emprego

2.1.

ACTIVIDADE, OCUPACIÓN E DESEMPREGO

O proceso de axuste do emprego está moi vinculado á evolución do PIB, que tras pasar por un período de desaceleración no ano 2008, e de aguda recesión no ano 2009, cae no ano 2010 nunha situación de estancamento económico e de relativa moderación nas súas taxas de variación interanual. Neste contexto de estancamiento, cun entorno financeiro áinda inestable, a variación do emprego segue sendo negativa, con taxas de variación interanual media do -4,4%, indicando un descenso adicional de ocupados de 50.800 persoas. A poboación parada moderou o seu ritmo de variación, situándose en taxas de variación interanual do 20,7%, lonxe do incremento medio anual da poboación parada do 45,3% do ano 2009. Só a comparación co acontecido no ano 2009, posibilita considerar como moderadas as sinaladas taxas, taxas que parecen reflectir a desaceleración do proceso de axuste negativo consecuencia da crise económica, máis que o inicio dun cambio de tendencia cara a taxas positivas de creación de emprego.

Unha ollada aos indicadores recollidos, como resumo, no **adro 2.1.1.** permite facerse unha primeira idea da evolución do mercado de traballo ao longo dos últimos dous anos. Estes datos amosan que a forte recesión do ano 2009, parece empezar a remitir e a stabilizarse en niveis de crecemento económico reducidos, que non xeren movementos positivos no ámbito do emprego, deste xeito, os datos do mercado laboral son negativos,

aínda que en menor medida que no ano precedente: caída no nivel de ocupación, niveis de paro superiores ao 20% e un menor número de contratos rexistrados nas oficinas de emprego.

A leve recuperación da actividade económica galega non ten un paralelismo no incremento do número de afiliados en alta laboral na Seguridade Social e na poboación ocupada estimada pola EPA; así a afiliación á Seguridade Social cae un 2,2% na taxa de variación interanual e a poboación ocupada cae un 4,4%. O impacto da crise no emprego foi semellante en Galicia que no conxunto do Estado, o que fixo que a poboación ocupada galega, que en 2009 era do 6,1% do total estatal, pasara ao 6% no 2010, e que o peso relativo das afiliacións se situara no 5,7%, igual que no ano anterior.

A caída do emprego prodúcese en tódolos sectores, pero afecta de forma más intensa á industria e á construcción, con 22.400 (o 11,5% do emprego perdido) e 10.500 empregos menos (o 9,1%), respectivamente.

Os datos do paro rexistrado confirman a moderación nas taxas de variación do mercado de traballo galego. Logo dunha medra de 20.000 parados (media anual) en 2010, o número de persoas desempregadas acada as 226.200 persoas (o 5,6% do paro rexistrado de media en España). Como no ano anterior, Galicia segue mos-

Principais indicadores do emprego 2009-10

	2009	2010	10/09
	(en miles de persoas)		(%)
Afiliados á Seguridade Social	1.029,6	1.007,4	-2,2
Poboación ocupada	1.151,5	1.100,8	-4,4
Poboación parada	165,9	200,4	20,8
Paro rexistrado	206,2	226,2	9,7
Contratos iniciais indefinidos	37,5	32,5	-13,3
Contratos iniciais temporais	616,1	620,6	0,7
Contratos convertidos en indefinidos	29,6	27,6	-6,8

Fonte: Elaboración propia CES Galicia a partir de datos do IGE, Ministerio de Trabajo e Inmigración e Seguridade Social

■ 2.1.1.

trando un mellor comportamento en relación á media española, dado que o paro rexistrado medra un 9,7% en Galicia fronte ao 11,4% de media en España.

En relación aos fluxos de entrada ao mercado de traballo, continúa a tendencia negativa na contratación indefinida xa apuntada en 2009. A taxa de variación para 2010 presenta unha caída do 13,4% nos contratos iniciais de duración indefinida. A contratación temporal, que no ano anterior descendera un 12,8%, increméntase lixeiramente en 2010 un 0,7% respecto ao ano precedente. No caso da conversión de contratos en indefinidos, a caída acada un 6,8%, lonxe da taxa de variación interanual do ano 2009 que se situou no -29%.

Datos de emprego da Seguridade Social

O impacto negativo da crise económica e financeira no mercado de traballo galego, que no ano 2009 reflectiu-se no descenso no número das afiliacións á Seguridade Social, en torno ao 4% en relación ao ano anterior, agudizouse no ano 2010. Neste exercicio, o número de afiliados en alta laboral na Seguridade Social en Galicia reduciuse nun 2,2%. A diferenza do ano anterior, é importante salientar que Galicia presenta un peor comportamento que o rexistrado de media en España, onde o número de persoas en alta laboral afiliadas á Seguridade Social descendeu un 1,9% respecto á media do ano anterior. En Galicia había en 2010 un total de 1.007.447 persoas afiliadas (media anual), 22.180 altas menos que no ano precedente. Esta cifra supón o 5,7% do total estatal, igual que no ano anterior.

O continuo deterioro das taxas de crecemento interanuais, que no segundo semestre do ano 2008 pasan a ser negativas, agudizouse ao longo de 2009 e no ano 2010. Todos os meses do ano 2010 presentan en Galicia importantes taxas de redución do número de persoas afiliadas en alta laboral, con caídas do 3% en relación aos mesmos meses do ano anterior, en xaneiro e novembro; e con caídas en torno a 2% nos restantes meses, agás nos meses de verán con reducións más suaves, destacando a caída do 1,2% en xullo.

Pontevedra foi a provincia onde máis se notou o impacto da crise, como indican os datos recollidos no **cadro 2.1.3**. Se xa no ano 2009 foi a provincia galega onde máis se reduciu o número de persoas en alta laboral afiliadas á Seguridade Social (5%), no ano 2010 continúa esta tendencia negativa, cunha caída de 10.738 persoas (un 3% menos) no número de afiliados. A redución do número de persoas afiliadas é xeralizado nas catro provincias galegas, ánda que a menor nivel: A Coruña presenta unha diminución de 6.754 persoas (1,6% menos) e Lugo e Ourense, de 2.699 e 1.989 afiliacións menos, respectivamente.

Setenta e tres de cada 100 traballadores afiliados en alta laboral o estaban no réxime xeral e 22 de cada 100, no réxime especial dos traballadores autónomos. En termos absolutos, un total de 735.729 persoas estaban afiliadas no réxime xeral, 15.388 persoas menos que no ano anterior, e 222.820 traballadores o estaban no réxime especial de autónomos, 5.979 menos que no ano precedente.

Afiliados en alta laboral na Seguridade Social en Galicia e España 2006-10

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España	Galicia /España
(en miles de personas)							
2006	1.032,5	426,9	129,0	108,1	368,5	18.596,3	5,6
2007	1.070,1	443,3	132,4	111,3	383,2	19.152,3	5,6
2008	1.072,5	445,9	133,1	111,4	382,1	19.005,6	5,6
2009	1.029,6	431,4	129,0	108,2	361,1	17.916,8	5,7
2010	1.007,4	424,6	126,3	106,2	350,4	17.581,9	5,7
xaneiro	1.004,1	423,0	125,6	105,8	349,7	17.546,7	5,7
febreiro	1.006,9	424,4	126,2	106,1	350,2	17.550,4	5,7
marzo	999,8	422,3	125,6	105,2	346,7	17.479,4	5,7
abril	1.006,2	425,1	126,1	105,7	349,2	17.604,2	5,7
maio	1.009,8	426,4	126,6	105,9	351,0	17.699,6	5,7
xuño	1.011,0	425,6	126,9	106,2	352,4	17.587,3	5,7
xullo	1.031,4	433,0	129,7	108,6	360,1	17.795,8	5,8
agosto	1.019,2	427,9	128,2	107,7	355,3	17.509,4	5,8
setembro	1.011,3	425,0	126,7	107,3	352,4	17.554,8	5,8
outubro	1.008,8	426,0	126,0	106,4	350,3	17.637,0	5,7
novembro	993,2	418,6	123,9	104,7	346,1	17.539,6	5,7
decembro	987,7	418,0	124,2	104,6	340,9	17.478,1	5,7
(taxas de variación interanual)							
09/08	-4,0	0,6	0,5	0,1	-0,3	-5,7	
xaneiro	-3,3	-2,3	-2,6	-2,6	-5,0	-5,0	
febreiro	-4,0	-2,9	-3,2	-3,1	-5,8	-5,7	
marzo	-4,4	-3,3	-3,4	-3,4	-6,4	-6,5	
abril	-4,6	-3,6	-3,6	-3,7	-6,3	-6,7	
maio	-4,6	-3,7	-3,4	-3,5	-6,3	-6,6	
xuño	-4,5	-3,6	-3,4	-3,3	-6,2	-6,6	
xullo	-4,3	-3,6	-3,3	-2,8	-5,8	-6,3	
agosto	-4,6	-4,1	-3,7	-3,3	-6,0	-6,6	
setembro	-3,8	-3,4	-2,9	-2,8	-5,0	-5,5	
outubro	-3,1	-2,7	-2,5	-1,9	-4,2	-4,5	
novembro	-3,6	-3,3	-2,7	-2,3	-4,5	-4,7	
decembro	-3,1	-2,8	-2,3	-2,1	-4,1	-3,6	
10/09	-2,2	-1,6	-2,1	-1,8	-3,0	-1,9	
xaneiro	-3,0	-2,6	-2,6	-1,9	-3,8	-3,3	
febreiro	-2,5	-2,3	-2,0	-1,7	-3,1	-2,9	
marzo	-2,7	-2,2	-2,3	-2,1	-3,6	-2,7	
abril	-1,9	-1,1	-1,9	-1,7	-3,0	-2,0	
maio	-2,1	-1,3	-1,9	-2,0	-3,0	-2,2	
xuño	-1,7	-1,1	-1,4	-1,8	-2,5	-1,8	
xullo	-1,2	-0,6	-1,3	-1,0	-1,9	-0,9	
agosto	-1,8	-1,1	-1,8	-1,6	-2,7	-1,6	
setembro	-1,9	-1,1	-1,9	-1,2	-2,9	-1,3	
outubro	-2,1	-1,5	-2,2	-1,9	-2,9	-1,3	
novembro	-3,0	-2,6	-3,4	-2,9	-3,5	-1,3	
decembro	-2,1	-1,3	-2,3	-2,2	-2,9	-0,9	

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

 2.1.2.

Afiliados en alta laboral na Seguridade Social 2009-10 (1): distribución segundo réxime

	2009				
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	1.029.627	431.366	128.995	108.171	361.095
Réxime Minería do Carbón	18	18	-	-	-
Réxime Xeral	751.117	323.869	82.869	77.215	267.164
Réxime Especial Agrario	4.470	1.379	1.374	386	1.331
Réxime Especial Empregados Fogar	20.592	8.506	2.864	2.959	6.263
Réxime Especial Autónomo	228.799	90.985	39.940	27.611	70.263
Réxime Especial do Mar	24.631	6.609	1.948	-	16.074
	2010				
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	1.007.447	424.612	126.296	106.182	350.357
Réxime Minería do Carbón	11	11	-	-	-
Réxime Xeral	735.729	319.582	81.429	76.018	258.700
Réxime Especial Agrario	4.504	1.452	1.369	374	1.309
Réxime Especial Empregados Fogar	20.371	8.402	2.841	2.942	6.186
Réxime Especial Autónomo	222.820	88.710	38.678	26.848	68.584
Réxime Especial do Mar	24.012	6.455	1.979	-	15.578
	10/09				
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	-2,2	-1,6	-2,1	-1,8	-3,0
Réxime Minería do Carbón	-38,9	-38,9			
Réxime Xeral	-2,0	-1,3	-1,7	-1,6	-3,2
Réxime Especial Agrario	0,8	5,3	-0,4	-3,1	-1,7
Réxime Especial Empregados Fogar	-1,1	-1,2	-0,8	-0,6	-1,2
Réxime Especial Autónomo	-2,6	-2,5	-3,2	-2,8	-2,4
Réxime Especial do Mar	-2,5	-2,3	1,6		-3,1

(1) en medias anuais

Fonte: IGE

2.1.3.

Emprego segundo a EPA

Os datos da *Enquisa de poboación activa* (EPA) amosan tamén que o devandito deterioro das taxas de crecemento interanuais da ocupación e do desemprego continuou ao longo do ano 2010. Se para o conxunto de 2009 a taxa de ocupación descendé en dous puntos porcentuais mentres que a taxa de paro incremántase en case catro puntos porcentuais no conxunto do ano, no ano 2010 a taxa de ocupación descendé de novo en dous puntos porcentuais e a taxa de paro incremántase en case tres puntos porcentuais. Segundo os datos da EPA, a taxa de ocupación situouse no 46,2% da poboación maior de 16 anos e a taxa de paro, no 15,4% da poboación activa.

A ocupación media estimada en Galicia descendeu en 2010 ata o 1.100.800 persoas, 50.800 ocupados menos

que no ano anterior (4,4% menos), o que reflicte de novo unha forte contracción da poboación ocupada ao longo do ano 2010. Atendendo á evolución ao longo do ano, os datos reflectidos no **cadro 2.1.7.** amosan que nos catro trimestres do ano 2010 se rexistraron taxas de variación interanual da poboación ocupada e asalariada negativas. Así mesmo, constátase un forte incremento da poboación parada, con taxas de variación interanual que acadaron o 23,3% no primeiro trimestre do ano, taxas de variación positivas en torno ao 20% de variación nos catro trimestres do ano 2010, aínda que máis moderadas que as sufridas en calquera dos catro trimestres do ano 2009. Esta evolución do mercado de traballo galego no ano 2010 mostra que o efecto da crise económica en Galicia, a diferenza do acontecido no ano 2009, foi máis importante en relación ás taxas de variación interanual que se acadan en España.

Poboación maior de 16 anos en Galicia e España 2010: distribución segundo sexo e a súa relación coa actividade económica (1)

Ámbulos dous性os

	Poboación > 16 anos	Activos	Ocupados	Parados	na procura 1º emprego	Inactivos	Taxa actividadade	Taxa ocupación	Taxa paro
Galicia	2.383,5	1.301,0	1.100,8	200,3	16,0	1.082,6	54,6	46,2	15,4
A Coruña	980,6	551,5	474,2	77,3	6,3	429,2	56,2	48,4	14,0
Lugo	304,2	158,1	141,0	17,2	1,9	146,1	52,0	46,4	10,9
Ourense	287,9	138,6	115,7	22,9	2,4	149,3	48,1	40,2	16,5
Pontevedra	810,8	452,8	369,9	82,9	5,4	358,0	55,8	45,6	18,3
España	38.479,1	23.088,9	18.456,5	4.632,4 (%)	355,2	15.390,2	60,0	48,0	20,1
Galicia / España	6,2	5,6	6,0	4,3	4,5	7,0			
Galicia 10/09	-0,1	-1,2	-4,4	20,7	35,6	1,3			
España 10/09	0,1	0,2	-2,3	11,6	18,4	0,0			

Varóns

	Poboación > 16 anos	Activos	Ocupados	Parados	na procura 1º emprego	Inactivos	Taxa actividadade	Taxa ocupación	Taxa paro
Galicia	1.138,4	703,8	600,9	102,8	7,0	434,6	61,8	52,8	14,6
A Coruña	464,6	294,1	255,9	38,2	2,9	170,5	63,3	55,1	13,0
Lugo	147,7	85,4	76,6	8,8	0,7	62,3	57,8	51,9	10,3
Ourense	136,3	75,1	63,9	11,2	0,8	61,2	55,1	46,9	14,9
Pontevedra	389,8	249,2	204,5	44,6	2,6	140,6	63,9	52,5	17,9
España	18.829,6	12.819,2	10.289,9	2.529,3 (%)	155,4	6.010,4	68,1	54,6	19,7
Galicia / España	6,0	5,5	5,8	4,1	4,5	7,2			
Galicia 10/09	-0,1	-1,2	-4,5	22,5	42,9	1,6			
España 10/09	-0,1	-0,9	-3,3	10,3	22,2	1,7			

Mulleres

	Poboación > 16 anos	Activos	Ocupados	Parados	na procura 1º emprego	Inactivos	Taxa actividadade	Taxa ocupación	Taxa paro
Galicia	1.245,1	597,3	500,0	97,4	9,1	647,8	48,0	40,2	16,3
A Coruña	516,0	257,4	218,3	39,1	3,4	258,6	49,9	42,3	15,2
Lugo	156,5	72,7	64,4	8,3	1,3	83,8	46,5	41,2	11,4
Ourense	151,6	63,6	51,9	11,7	1,6	88,0	42,0	34,2	18,4
Pontevedra	421,0	203,6	165,4	38,3	2,8	217,4	48,4	39,3	18,8
España	19.649,6	10.269,7	8.166,6	2.103,1 (%)	199,8	9.379,8	52,3	41,6	20,5
Galicia / España	6,3	5,8	6,1	4,6	4,6	6,9			
Galicia 10/09	-0,1	-1,2	-4,3	18,6	28,2	1,0			
España 10/09	0,3	1,7	-0,9	13,2	56,3	-1,1			

(1) en miles de persoas

Fonte:INE

2.1.4.

O descenso de máis de cincuenta mil persoas ocupadas en Galicia no ano 2010, respecto ás estimadas no ano anterior, repartiuse de xeito xeralizado en todos os grupos de idade e sexo. O forte descenso da poboación ocupada en Galicia foi porcentualmente superior ao sufrido no conxunto do Estado, pero o peso porcentual da poboación ocupada galega sobre o total estatal non varía substancialmente, a porcentaxe de poboación ocupada en Galicia respecto ao total español pasou do 6,1% no ano 2009 ao 6% no 2010. Esta redución do peso porcentual é común tanto á ocupación masculina como á feminina.

Nunha análise da evolución sectorial da ocupación, obsérvase que en 2010 o emprego se reduce nos catro sectores económicos: primario, industria, construción e servizos.

O sector da industria foi o que, en taxas de variación interanual, sufriu unha caída maior, do 11,5% de media anual. No primeiro trimestre do ano 2010 chegou a rexistrar unha diminución do 17,4%, que foi atenuándose ao longo do ano ata acadar nos dous últimos trimestres unha caída en torno ao 8%, sendo tamén, o sector que, en termos absolutos, sufriu unha maior caída

**Taxas de actividad, ocupación e paro en Galicia e España 2009-10:
distribución segundo sexo**

Total						
	Galicia			España		
	actividad	ocupación	paro	actividad	ocupación	paro
2009	55,2	48,3	12,6	59,9	49,1	18,0
I	55,8	48,9	12,2	60,2	49,7	17,4
II	55,2	48,1	12,9	60,1	49,3	17,9
III	55,1	48,3	12,4	59,8	49,1	17,9
IV	54,8	47,7	12,9	59,8	48,5	18,8
2010	54,6	46,2	15,4	60,0	48,0	20,1
I	54,4	46,0	15,5	59,8	47,8	20,1
II	54,4	45,9	15,6	60,1	48,0	20,1
III	55,1	46,9	14,9	60,1	48,2	19,8
IV	54,4	45,9	15,7	60,0	47,8	20,3
Varóns						
	Galicia			España		
	actividad	ocupación	paro	actividad	ocupación	paro
2009	62,5	55,1	11,8	68,6	56,5	17,7
I	63,1	55,9	11,4	69,1	57,5	16,9
II	62,2	54,6	12,3	68,9	56,8	17,6
III	62,5	55,3	11,5	68,4	56,3	17,8
IV	62,1	54,8	11,9	68,1	55,4	18,6
2010	61,8	52,8	14,6	68,1	54,7	19,7
I	61,7	52,7	14,6	68,0	54,4	20,0
II	61,6	52,5	14,7	68,4	54,9	19,7
III	62,6	53,8	14,0	68,3	55,1	19,3
IV	61,5	52,1	15,2	67,7	54,2	20,0
Mulleres						
	Galicia			España		
	actividad	ocupación	paro	actividad	ocupación	paro
2009	48,5	41,9	13,6	51,6	42,1	18,4
I	49,1	42,6	13,2	51,5	42,2	18,0
II	48,8	42,1	13,7	51,6	42,1	18,3
III	48,2	41,8	13,3	51,5	42,2	18,2
IV	48,1	41,3	14,1	51,7	41,8	19,1
2010	48,0	40,1	16,3	52,3	41,6	20,5
I	47,8	39,9	16,5	52,1	41,6	20,2
II	47,8	39,8	16,6	52,2	41,5	20,6
III	48,3	40,7	15,9	52,2	41,6	20,4
IV	48,0	40,2	16,3	52,6	41,7	20,8

Fonte: INE

■ 2.1.5.

da ocupación (22.400 persoas ocupadas menos). O segundo sector cunha maior caída da poboación ocupada en termos de taxas de variación interanual, cun 9,1% de redución ao longo do ano 2010, foi a construcción, cunha caída da ocupación en termos absolutos de 10.500 persoas. O forte efecto arrastre do sector da construcción sobre os sectores proveedores da mesma e a reducción da demanda interna, que provoca a baixa do consumo privado pola perda de emprego, afectan

moi negativamente, entre outros aspectos, ao sector industrial.

Na desagregación por ramas de actividade, tendo en conta os datos de afiliación á Seguridade Social e, considerando aquelas actividades que teñen máis de 5.000 afiliados, que, conxuntamente acollen a máis do 90% da afiliación en Galicia, observamos como a maior caída porcentual de afiliación se corresponde coas “acti-

Poboación maior de 16 anos en Galicia e España 2010: distribución segundo sexo, idade e a súa relación coa actividade económica (1)

	Galicia			España			Galicia / España		
	Total	Varóns	Mulleres	Total	Varóns	Mulleres	Total	Varóns	Mulleres
Pob. de 16-19 anos									
Total	93,4	47,8	45,6	1.794,4	921,2	873,1	5,2	5,2	5,2
Activos	16,8	10,0	6,8	385,8	225,5	160,3	4,4	4,4	4,2
Ocupados	8,7	5,7	3,0	149,0	89,4	59,5	5,8	6,4	5,0
Parados	8,2	4,3	3,9	236,8	136,0	100,7	3,5	3,2	3,9
Na procura 1º emprego	4,5	2,2	2,3	133,6	74,5	59,1	3,4	3,0	3,9
Inactivos	76,6	37,8	38,8	1.408,6	695,7	712,8	5,4	5,4	5,4
Pob. de 20-24 anos									
Total	139,9	70,9	69,0	2.572,3	1.309,1	1.263,2	5,4	5,4	5,5
Activos	78,1	43,2	34,9	1.661,9	882,2	779,6	4,7	4,9	4,5
Ocupados	52,7	29,2	23,5	1.046,6	540,1	506,6	5,0	5,4	4,6
Parados	25,5	14,0	11,5	615,3	342,2	273,1	4,1	4,1	4,2
Na procura 1º emprego	5,2	2,4	2,8	102,2	48,8	53,4	5,1	4,9	5,2
Inactivos	61,7	27,6	34,0	910,4	426,9	483,5	6,8	6,5	7,0
Pob. de 25-54 anos									
Total	1.225,6	611,3	614,3	21.440,1	10.883,2	10.557,0	5,7	5,6	5,8
Activos	1.029,2	550,4	478,8	18.334,0	10.066,2	8.267,8	5,6	5,5	5,8
Ocupados	878,5	474,9	403,7	14.917,8	8.241,2	6.676,6	5,9	5,8	6,0
Parados	150,7	75,5	75,2	3.416,2	1.825,0	1.591,2	4,4	4,1	4,7
Na procura 1º emprego	5,6	2,4	3,2	112,3	31,5	80,8	5,0	7,6	4,0
Inactivos	196,5	60,9	135,6	3.106,1	816,9	2.289,2	6,3	7,5	5,9
Pob. maior de 55 anos									
Total	924,6	408,4	516,2	12.672,5	5.716,1	6.956,4	7,3	7,1	7,4
Activos	176,9	100,1	76,8	2.707,3	1.645,3	1.062,0	6,5	6,1	7,2
Ocupados	160,9	91,0	69,8	2.343,2	1.419,2	923,9	6,9	6,4	7,6
Parados	16,0	9,1	7,0	364,2	226,1	138,1	4,4	4,0	5,1
Na procura 1º emprego	0,7	-	0,7	7,2	0,6	6,6	-	-	-
Inactivos	747,7	308,3	439,4	9.965,2	4.070,9	5.894,3	7,5	7,6	7,5
Pob. > 16 anos									
Total	2.383,4	1.138,4	1.245,0	38.479,1	18.829,6	19.649,6	6,2	6,0	6,3
Activos	1.300,9	703,7	597,3	23.088,9	12.819,2	10.269,7	5,6	5,5	5,8
Ocupados	1.100,7	600,8	499,9	18.456,5	10.289,9	8.166,6	6,0	5,8	6,1
Parados	200,3	102,9	97,4	4.632,4	2.529,3	2.103,1	4,3	4,1	4,6
Na procura 1º emprego	16,0	7,0	9,0	355,2	155,4	199,8	4,5	4,5	4,5
Inactivos	1.082,4	434,7	647,8	15.390,2	6.010,4	9.379,8	7,0	7,2	6,9

(1) en miles de persoas

Fonte:INE

2.1.6.

vidades de aluguer”, cunha redución do 19%, seguida da “construcción de edificios” cun 11,8% menos de afiliados á Seguridade Social que no ano anterior. No caso contrario, as actividades englobadas dentro da rama de “non clasificados”, incrementan a súa afiliación nun 95%, debido a que dende o a no 2009 se inclúe tamén dentro desta rama ao colectivo pertencente aos Convenios especiais de coidadores de persoas dependentes, as “Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas” cun incremento do 11,2% ou os “servizos de aloxamento” co 3,9% máis, entre

outras, incrementan tamén o número de afiliados no ano 2010.

En termos absolutos, a rama de actividade cunha merma de afiliación máis importante é a de “construcción de edificios”, con 5.596 afiliados menos que no ano 2009, seguida pola actividade de “construcción especializada” con 5.526 afiliados menos; fora do sector da construcción, a actividade que en termos absolutos perde máis afiliados no ano 2010 é a “Agricultura, gandaría, caza e servizos relacionados con elas” con 3.156 afilia-

Poboación activa, ocupada, asalariada e parada en Galicia e España 2009-10: distribución segundo sexo

Ámbulos dous性os

	Galicia				España			
	activos	ocupados	asalariados	parados	activos	ocupados	asalariados	parados
(taxa de variación interanual)								
2010	-1,2	-4,4	-4,0	20,7	0,2	-2,3	-2,1	11,7
I	-2,5	-6,1	-4,5	23,3	-0,4	-3,7	-3,7	15,0
II	-1,7	-4,7	-3,8	18,4	0,2	-2,5	-2,4	12,3
III	0,1	-2,8	-2,9	20,4	0,6	-1,7	-1,2	11,0
IV	-0,8	-4,0	-4,7	20,8	0,6	-1,3	-1,2	8,6
2009	0,2	-4,0	-2,6	45,3	0,8	-6,8	-6,0	63,0
I	2,5	-1,8	-0,8	50,1	2,3	-6,4	-5,8	84,5
II	0,6	-4,4	-2,7	56,2	1,2	-7,2	-6,6	73,7
III	-1,0	-5,2	-3,3	44,3	0,2	-7,3	-6,5	58,7
IV	-1,3	-4,7	-3,6	30,5	-0,4	-6,1	-5,0	34,9

Varóns

	Galicia				España			
	activos	ocupados	asalariados	parados	activos	ocupados	asalariados	parados
(taxa de variación interanual)								
2010	-1,2	-4,4	-4,2	22,8	-0,9	-3,3	-3,5	10,5
I	-2,4	-5,9	-4,2	25,0	-1,8	-5,5	-5,7	16,3
II	-1,2	-4,0	-3,1	18,4	-0,9	-3,4	-3,6	10,9
III	-0,1	-2,9	-3,1	21,4	-0,4	-2,2	-2,1	8,3
IV	-1,3	-5,0	-6,5	26,4	-0,6	-2,2	-2,7	6,4
2009	-1,9	-6,5	-5,6	58,1	-0,7	-9,2	-8,5	80,0
I	-1,2	-5,5	-5,4	51,7	0,7	-9,2	-8,7	115,6
II	-2,3	-8,4	-7,5	86,5	-0,4	-9,8	-9,2	93,5
III	-2,2	-6,9	-5,0	61,3	-1,6	-9,7	-9,1	69,2
IV	-2,0	-5,3	-4,3	32,9	-1,5	-7,9	-6,8	41,7

Mulleres

	Galicia				España			
	activos	ocupados	asalariados	parados	activos	ocupados	asalariados	parados
(taxa de variación interanual)								
2010	-1,2	-4,4	-3,7	18,7	1,7	-0,9	-0,5	13,3
I	-2,7	-6,4	-4,8	21,7	1,4	-1,3	-1,4	13,5
II	-2,2	-5,5	-4,5	18,5	1,6	-1,2	-1,0	14,0
III	0,2	-2,7	-2,7	19,4	1,7	-1,1	-0,2	14,3
IV	-0,3	-2,8	-2,7	15,3	2,1	-0,1	0,6	11,2
2009	2,9	-0,9	1,0	35,0	2,9	-3,5	-2,9	46,5
I	7,3	3,0	5,0	48,3	4,6	-2,6	-2,0	57,1
II	4,2	0,7	3,3	33,3	3,4	-3,8	-3,4	54,2
III	0,3	-3,1	-1,3	30,0	2,6	-3,8	-3,3	47,2
IV	-0,4	-4,0	-2,9	28,3	1,0	-3,7	-2,9	27,3

Fonte: INE

■ 2.1.7.

dos menos. As ramas de actividade que, en termos absolutos, presentan valores positivos son, entre outras, a xa citada rama de “Non clasificados” con 4.275 novas afiliación, seguida, das actividades de “servizos de comidas e bebidas” con 1.386 afiliados máis e as “actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas” con 774 afiliados máis.

Tendo en conta os datos proporcionados pola Enquisa

de Poboación Activa, cadro 2.1.9., obsérvase como, salvo no sector da construcción, os datos trimestrais reflecten a ralentización na destrución de emprego no sector primario, industria e servizos, pasando de taxas de variación interanual no primeiro trimestre do ano 2010 do -10,8%, -17,4% e -2,8% respectivamente a taxas no cuarto trimestre do ano do -1,6% no sector primario, do -8,5% no sector industrial e do -1,8% no sector servizos. Sen embargo, cómpre salientar o incre-

Afiliacións á Seguridade Social 2009-10: distribución segundo ramas CNAE 2009

	2009	2010	10/09
47 Comercio ao retalho, salvo de vehículos de motor e motocicletas	106.771	106.257	-0,48
84 Administración pública e defensa; Seguridade Social obligatoria	64.562	63.287	-1,97
43 Actividades de construcción especializada	66.331	60.805	-8,33
56 Servizos de comidas e bebidas	57.621	59.007	2,41
86 Actividades sanitarias	55.834	55.576	-0,46
46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	52.320	51.224	-2,09
01 Agricultura, gandaría, caza e servizos relacionados con elles	50.669	47.513	-6,23
41 Construcción de edificios	47.312	41.716	-11,83
49 Transporte terrestre e por tubaxe	34.366	33.435	-2,71
85 Educación	30.602	31.205	1,97
10 Industria da alimentación	26.950	27.088	0,51
81 Servizos a edificios e actividades de xardinaria	25.819	25.337	-1,87
45 Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	23.644	23.273	-1,57
03 Pesca e acuicultura	22.659	22.001	-2,90
97 Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	21.165	20.953	-1,00
96 Outros servizos persoais	17.669	17.728	0,33
25 Fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipamento	18.133	17.174	-5,29
29 Fabricación de vehículos e motor, remolques e semirremolques	16.304	15.826	-2,93
64 Servizos financeiros, salvo seguros e fondos de pensións	14.430	13.985	-3,08
69 Actividades xurídicas e de contabilidade	13.126	13.154	0,21
71 Servizos técnicos de arquitectura e enerxía, ensaios e análises técnicas	12.603	12.263	-2,70
14 Confección de roupa de vestir	12.302	11.342	-7,80
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	11.738	10.646	-9,30
52 Almacenamento e actividades anexas ao transporte	10.055	10.318	2,62
16 Industria da madeira e da cortiza, salvo mobles; cestaría e espartaría	10.727	10.024	-6,55
55 Servizos de aloxamento	8.966	9.314	3,88
88 Actividades de servizos sociais sen aloxamento	8.527	8.805	3,26
Non clasificados	4.515	8.790	94,68
87 Asistencia en establecementos residenciais	7.436	8.089	8,78
94 Actividades asociativas	8.224	7.985	-2,91
30 Fabricación doutro material de transporte	8.680	7.745	-10,77
82 Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas	6.931	7.705	11,17
78 Actividades relacionadas co emprego	7.097	7.131	0,48
93 Actividades deportivas, recreativas e de entretenimento	6.764	7.011	3,65
42 Enxeñaría civil	6.999	6.387	-8,74
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	5.967	5.918	-0,82
77 Actividades de aluguer	7.113	5.755	-19,09
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroaloxiales	6.139	5.716	-6,89
95 Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico	6.128	5.689	-7,16
80 Actividades de seguranza e investigación	5.609	5.564	-0,80
66 Actividades auxiliares dos servizos financeiros e aos seguros	5.462	5.561	1,81
62 Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática	5.740	5.526	-3,73

(1) dende o ano 2009, a rama "non clasificados" inclúe tamén ó colectivo pertencente ós Convenios Especiais de coñadadores de persoas dependentes
 Fonte: IGE

2.1.8.

mento na redución da ocupación no sector da construcción que pasa dunha taxa de variación no primeiro trimestre do ano do -3,6% a unha taxa do -13,2% no cuarto trimestre do ano.

A destrución de emprego afectou tanto a traballadores por conta propia como a asalariados. O grupo cunha maior destrución de emprego en termos absolutos foi o de asalariados no sector privado, con 40.600 persoas

empregadas menos, seguido dos empregadores, cunha redución de 13.300 persoas menos no ano 2010.

No ano 2010 traballaron por conta allea en Galicia un total de 863.200 persoas, das que o 53,4% foron homes. En relación ao ano 2009, rexístrase un descenso tanto no número de homes como de mulleres asalariadas, 20.100 homes asalariados menos e 15.300 mulleres asalariadas menos no ano 2010.

Poboación ocupada en Galicia e España 2010: distribución segundo sectores económicos, situación profesional, ocupación e nivel de formación acadado

	Galicia			España		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
(en miles de persoas)						
Total	600,8	499,9	1.100,7	10.289,9	8.166,6	18.456,5
Sectores económicos						
Agricultura e pesca	50,8	35,8	86,6	588,5	204,5	793,0
Industria	125,1	46,6	171,7	1.971,3	639,2	2.610,5
Construcción	97,0	8,3	105,2	1.513,5	137,3	1.650,8
Servizos	327,9	409,2	737,2	6.216,6	7.185,6	13.402,2
Situación profesional						
Traballadores por conta propia	139,7	97,4	237,1	2.088,7	1.012,4	3.101,1
Empregador	48,7	22,7	71,3	738,6	287,9	1.026,5
Empresarios sen asalariados	84,6	68,3	152,8	1.261,3	628,6	1.889,9
Membros cooperativas	0,3	0,5	0,8	20,9	11,4	32,3
Axudas familiares	6,3	5,9	12,2	68,0	84,5	152,5
Asalariados	460,9	402,4	863,2	8.195,4	7.151,4	15.346,8
Sector público	86,6	109,9	196,4	1.436,1	1.693,5	3.129,6
Sector privado	374,3	292,5	666,8	6.759,3	5.457,9	12.217,2
Outra situación	0,2	0,2	0,4	5,8	2,8	8,6
Ocupación						
Posto directivo (empresa e Admón.)	55,9	38,8	94,7	977,6	509,9	1.487,6
Técnicos e profesionais científicos e intelect.	64,6	81,0	145,6	1.215,7	1.425,7	2.641,3
Técnicos e profesionais de apoio	71,0	66,8	137,8	1.229,4	1.106,8	2.336,1
Administrativos	30,0	52,8	82,7	591,4	1.113,4	1.704,9
Trab.servizos restaur., persoais, protecc, vend. comerc.	55,1	124,1	179,2	1.161,7	2.039,2	3.200,9
Trab. cualificado no sector primario	39,0	30,5	69,5	370,0	90,3	460,3
Trab. cualif. ind. manufact, construcc., minaría, agás operad.	146,6	12,9	159,5	2.189,3	153,9	2.343,2
Operadores	89,8	16,7	106,4	1.378,8	203,4	1.582,2
Non cualificados	41,6	75,6	117,2	1.082,9	1.513,2	2.596,1
Forzas armadas	7,4	0,6	8,1	93,3	10,8	104,1
Grupos de idade						
16-19 anos	5,7	3,0	8,7	89,4	59,5	149,0
20-24 anos	29,2	23,5	52,7	540,1	506,6	1.046,6
25-34 anos	151,4	136,6	288,0	2.655,9	2.325,8	4.981,6
35-44 anos	174,5	144,9	319,4	3.087,6	2.409,5	5.497,1
45-54 anos	149,0	122,1	271,2	2.497,8	1.941,3	4.439,1
55 e máis anos	91,0	69,8	160,9	1.419,2	923,9	2.343,2
Nivel de formación acadado						
Analfabetos	0,3	0,4	0,6	35,9	25,5	61,4
Educación primaria	58,2	43,1	101,2	1.408,6	894,5	2.303,1
Educación secundaria	354,4	254,5	609,0	5.458,1	3.849,9	9.308,1
Primeira etapa	225,7	154,3	380,0	2.998,4	1.853,0	4.851,4
Segunda etapa	128,8	100,2	229,0	2.459,8	1.996,9	4.456,7
Formación e inserción laboral con título de secundaria (2º etapa)	0,2	0,1	0,4	4,1	2,4	6,5
Educación superior, agás doutorado	182,8	198,8	381,6	3.296,5	3.340,4	6.636,9
Doutorado	5,0	3,1	8,1	86,7	54,0	140,7

Fonte: INE

2.1.9.

Atendendo á súa ocupación, os datos do **cadro 2.1.9.** amosan que os maiores descensos rexistráronse, como no ano anterior, no grupo do “traballo cualificado na industria manufactureira, construcción, minaría, agás operadores”, con 20.100 ocupados menos; nos “postos directivos (empresas e administración)”, con 10.900 empregados menos; e no grupo de traballadores non cualificados, con

10.800 persoas menos. Pola contra o emprego nos “servizos restauración, persoais, protección, vendedor comercio”, foi o que máis se incrementou, con 2.700 persoas ocupadas más que no ano anterior.

O 34,7% da poboación ocupada galega acredita estudos superiores (agás doutoramento) e o 34,5% dos ocu-

acación, idade e nivel de formación acadada

Galicia/España			10/09		
Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
(%)			(%)		
5,8	6,1	6,0	-	4,4	-
				4,4	-
8,6	17,5	10,9	-	6,3	-
6,3	7,3	6,6	-	11,4	-
6,4	6,0	6,4	-	9,3	-
5,3	5,7	5,5		0,4	-
				3,4	-
6,7	9,6	7,6	-	5,3	-
6,6	7,9	6,9	-	11,5	-
6,7	10,9	8,1	-	0,2	-
1,4	4,4	2,5	-	50,0	-
9,3	7,0	8,0	-	11,3	-
5,6	5,6	5,6	-	4,2	-
6,0	6,5	6,3		-	-
5,5	5,4	5,5	-	5,1	-
3,4	7,1	4,7		-	-
5,7	7,6	6,4	-	9,5	-
5,3	5,7	5,5		1,7	-
5,8	6,0	5,9	-	5,6	-
5,1	4,7	4,9		7,5	-
4,7	6,1	5,6	-	3,5	-
10,5	33,8	15,1	-	1,3	-
6,7	8,4	6,8	-	9,2	-
6,5	8,2	6,7		1,9	-
3,8	5,0	4,5	-	13,7	-
7,9	5,6	7,8		21,3	-
6,4	5,0	5,8	-	24,0	-
5,4	4,6	5,0	-	16,6	-
5,7	5,9	5,8	-	9,1	-
5,7	6,0	5,8	-	1,2	-
6,0	6,3	6,1	-	0,6	-
6,4	7,6	6,9		2,4	-
0,7	1,4	1,0	-	72,2	-
4,1	4,8	4,4	-	16,0	-
6,5	6,6	6,5	-	4,0	-
7,5	8,3	7,8	-	3,8	-
5,2	5,0	5,1	-	4,5	-
-	-	-		-	-
5,5	6,0	5,7	-	0,2	-
5,8	5,7	5,8		18,0	-
				15,3	-
				15,6	-

pados, estudios secundarios (primeira etapa). Ao igual que en anos anteriores, o número de mulleres con estudos superiores segue sendo máis alto que o dos homes, representando o 39,8% das mulleres ocupadas e o 30,4% da poboación ocupada masculina.

A redución de emprego en relación ao ano anterior afectou aos diferentes niveis educativos, agás aos ocupados con formación e inserción laboral con título de secundaria (2ª etapa) que se mantén estable. A maior redución do emprego volve a presentarse nos niveis educativos inferiores: o grupo dos traballadores con educación primaria é o que sufre unha maior redución dos niveis de ocupación, con 25.800 persoas ocupadas menos (-20,3%), seguido dos traballadores con educación secundaria, con 12.900 ocupados menos (6,5% menos). Pola outra banda, o número de ocupados con estudios superiores, agás doutoramento, reduciuse en torno ás 9.600 persoas (2,5% menos en relación ao ano anterior).

A ralentización económica do ano 2010 afectou con distintas intensidades á ocupación da poboación de nacionalidade española e estranxeira. Como ocorre no conxunto do Estado, o ano 2010 presenta en Galicia un descenso do número de ocupados españoles e de nacionalidade estranxeira, no conxunto do estado español o descenso dos ocupados de nacionalidade estranxeira foi do 3,2%, un punto porcentual máis que o descenso da ocupación dos traballadores nacionais (2,1%), no mesmo sentido, en Galicia a maior incidencia no descenso da ocupación corresponde aos traballadores estranxeiros (5,5% fronte ao 4,3% de descenso da ocupación dos traballadores nacionais).

O descenso xeral do nivel de ocupación afecta a mulleres e homes de nacionalidade española coa mesma intensidade, se ben de xeito máis acusado aos homes estranxeiros que ás mulleres, así en Galicia a poboación ocupada estranxeira masculina redúcese nun 7,2%, fronte á redución dun 3,3% das mulleres ocupadas estranxeiras.

Se se analiza a taxa de ocupación en relación á nacionalidade dos ocupados, en Galicia a taxa de ocupación descende dous puntos porcentuais para os ocupados de nacionalidade española (45,8%) e en máis de catro pun-

Poboación ocupada en Galicia e España 2008-10: distribución segundo sector

	Galicia				España			
	agricultura e pesca	industria	construcción	servizos	agricultura e pesca	industria	construcción	servizos
(en miles de persoas)								
2008	93,8	215,9	134,1	756,4	818,9	3.198,9	2.453,4	13.786,4
I	94,6	217,6	142,2	735,6	863,7	3.313,4	2.670,3	13.554,8
II	91,3	220,7	140,5	748,3	820,8	3.244,3	2.549,5	13.810,6
III	99,7	215,6	131,4	767,8	787,3	3.195,2	2.413,2	13.950,7
IV	89,5	209,6	122,1	773,8	803,8	3.042,7	2.180,7	13.829,6
2009	91,6	194,1	115,7	750,1	786,1	2.775,0	1.888,3	13.438,7
I	92,6	208,4	112,4	755,1	837,8	2.900,1	1.978,0	13.374,9
II	92,5	196,8	114,7	743,4	786,6	2.799,4	1.922,1	13.436,9
III	92,7	188,1	118,8	751,6	737,2	2.719,6	1.850,3	13.563,1
IV	88,6	182,9	117,0	750,4	782,6	2.680,9	1.802,7	13.379,7
2010	86,6	171,7	105,2	737,2	793,0	2.610,5	1.650,8	13.402,2
I	82,6	172,1	108,3	734,1	835,2	2.599,8	1.663,0	13.296,1
II	86,1	173,9	103,7	729,9	778,2	5.618,9	1.699,7	13.380,1
III	90,5	173,2	107,4	747,7	754,0	2.600,6	1.668,1	13.524,1
IV	87,2	167,4	101,5	737,0	804,5	2.622,8	1.572,5	13.408,3
(taxa de variación interanual)								
2008	-8,3	-1,6	11,1	5,1	-5,6	0,4	7,9	5,1
I	-12,5	-7,4	14,3	7,1	-3,2	0,5	7,3	6,3
II	-11,1	-2,2	12,5	6,6	-3,0	0,7	7,8	5,0
III	-6,7	-4,1	8,6	5,9	-8,0	-0,7	8,1	4,9
IV	-2,2	7,8	9,6	1,0	-8,4	1,0	8,3	4,3
2009	-7,0	1,6	6,0	3,6	-2,0	-0,9	6,1	3,9
I	-8,4	11,7	6,6	0,1	0,5	-0,3	9,4	3,5
II	-2,4	-0,3	8,5	5,0	-3,8	-1,3	7,6	4,3
III	-7,2	-0,4	2,4	4,1	-3,0	-0,9	4,9	4,2
IV	-10,1	-3,8	6,6	5,1	-1,7	-1,2	2,7	3,5
2010	-5,5	-11,5	-9,1	-1,7	0,9	-5,9	-12,6	-0,3
I	-10,8	-17,4	-3,6	-2,8	-0,3	-10,4	-15,9	-0,6
II	-6,9	-11,6	-9,6	-1,8	-1,1	100,7	-11,6	-0,4
III	-2,4	-7,9	-9,6	-0,5	2,3	-4,4	-9,8	-0,3
IV	-1,6	-8,5	-13,2	-1,8	2,8	-2,2	-12,8	0,2

Fonte: INE

2.1.10.

tos no caso da poboación estranxeira, para situarse no 56,1% (60,5% o ano anterior). Entre os ocupados de nacionalidade estranxeira este índice situouse no 62,4% no caso dos homes (4,7 puntos menos que en 2009) e no 50,5% no das mulleres (3,9 puntos menos que no ano precedente). Entre a poboación española, a taxa de ocupación dos homes descende ata o 52,4% (2 puntos menos) e o das mulleres descende 1,7 puntos porcentuais para situarse no 39,7%.

Análise da temporalidade

No ano 2010 continúa a tendencia de redución da taxa de temporalidade dos últimos anos (**adro 2.1.12.**). A

porcentaxe de contratos temporais sobre o total de asalariados situouse no 25,1%, fronte ao 26,7% do ano 2009. A taxa de temporalidade en Galicia é dous décimas superior á taxa de temporalidade media do conxunto do Estado, unha diferenza que se reduce significativamente en relación ao ano anterior. O descenso de 1,6 puntos porcentuais na taxa de temporalidade galega é consecuencia da redución da citada taxa tanto no sector público como no sector privado, así o sector público pasa do 27,3% no ano 2009 ao 24% no 2010, e o sector privado pasa do 26,6% de taxa de temporalidade no ano 2009 ao 25,4% no ano 2010.

O carácter positivo da redución da taxa de temporalida-

de en Galicia no 2010 está matizado polo feito de que esa baixada é consecuencia, tal como aconteceu no ano 2009 e 2008, da non renovación de contratos. Así, ao longo do ano 2010 no sector privado en Galicia non se renovaron 18.500 contratos temporais, e 22.000 contratos indefinidos, o que tivo como consecuencia a redución en 40.500 asalariados no sector privado galego.

Como reflicte o **cadro 2.1.12.**, a redución en 40.500 persoas do número de asalariados no sector privado ven acompañada polo incremento de 4.900 persoas no sector público, sector no que o número de asalariados con contrato temporal cae en 5.000 persoas, incrementándose en 10.100 os asalariados con contrato indefinido no sector público.

A evolución da taxa de temporalidade no caso dos homes e das mulleres amosa unha diminución da temporalidade nos asalariados de ámbolos dous sexos, moito más acusada no caso das mulleres, un 2,2% no caso dos homes e un 6,5% no das mulleres, que comporta a práctica igualdade das taxas de temporalidade de ámbolos dous sexos.

No 2010 tiveron emprego 15.200 homes asalariados menos con contrato temporal mentres que o número de homes asalariados con contrato indefinido redúcese en 5.000 persoas. Os asalariados con contrato indefinido redúcense no sector privado o dobre do que se incrementan no sector público. No que respecta ás mulleres, o número de asalariadas con contrato temporal diminue en 8.300 persoas, e o número de asalariadas con contrato indefinido se reduce en 6.800 persoas. A proporción de asalariados temporais respecto ao número total de asalariados situouse no 22,5% no caso das mulleres (29,2% en 2009), sendo esta porcentaxe do 22,4% no caso dos homes (24,6% no ano 2009).

Comparado co mesmo período do ano anterior, a taxa de temporalidade descende de xeito importante nos catro trimestres de 2010, sendo o cuarto trimestre o que presenta un diferencial negativo maior (3,2 puntos). No conxunto do Estado este diferencial tamén se mantén sempre con signo negativo, sendo o máis acusado no último trimestre (1 punto) e o máis baixo no primeiro trimestre (0,2 puntos). Tanto no caso dos homes como

no das mulleres, a taxa de temporalidade nos catro trimestres do ano 2010 é inferior á existente no mesmo período do ano anterior, agás na taxa de temporalidade feminina do primeiro trimestre que se mantén a mesma taxa de variación que no mesmo trimestre do ano anterior, con taxas de temporalidade feminina superiores ás masculinas, tal como acontecía no ano 2009.

Nas catro provincias galegas a taxa de temporalidade redúcese no ano 2010 en relación ao ano anterior. A caída máis importante corresponde a A Coruña, cun descenso de 2,4 puntos porcentuais, e Pontevedra segue a ser a provincia galega cunha taxa de temporalidade más elevada, acadando no ano 2010 o 26,9%.

Por sectores, os datos do devandito **cadro 2.1.12.** reflicten que Pontevedra presenta os valores máis altos no sector privado, e Lugo a taxa de temporalidade más elevada do sector público.

• Duración da xornada de traballo

Entendendo a taxa de traballo a tempo parcial como o cociente entre o número de ocupados a tempo parcial e o número total de ocupados, pode observarse como, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, no ano 2010 se produce un incremento desta taxa en relación ao ano anterior, pasando do 11,1% ao 11,7% en Galicia e do 12,8% ao 13,3% en España. A taxa media do conxunto do Estado no ano 2010 é mais dun punto e medio porcentual superior á galega. Salienta a diferenzia existente na dita taxa segundo sexo. Así, na C.A. de Galicia no ano 2010 a taxa de traballo a tempo parcial era 15,3 puntos porcentuais maior no caso das mulleres en relación aos homes (20% fronte ao 4,7% dos homes).

• Incremento do paro

O fortísimo incremento da poboación parada do ano 2009 deu paso á moderación na destrución de emprego, que non á recuperación na creación do mesmo. Neste senso, o desemprego medio estimado pola EPA, tal como se mostra no **cadro 2.1.14.**, acadou en Galicia no ano 2010 as 200.400 persoas, 34.500 parados máis que no ano 2009. O número de desempregados en Galicia no ano 2010 era o 4,3% da poboación parada estimada para o conxunto do Estado. En termos relativos, o

Poboación activa (1) nas CC.AA. 2009-10: distribución segundo sexo e nivel de instrucción
2009

	Analfabetos			Educación primaria			Educación secundaria			Formación e inserción	
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
										(%)	
Andalucía	0,7	0,9	0,8	19,6	14,6	17,5	55,9	53,0	54,7	-	-
Aragón	0,2	0,2	0,2	16,1	12,7	14,6	52,8	49,4	51,3	-	0,1
Asturias	-	-	-	9,7	9,9	9,8	55,6	48,4	52,3	-	-
Baleares	0,8	0,1	0,5	14,9	12,1	13,6	65,2	60,8	63,3	-	-
Canarias	0,5	0,5	0,5	20,3	14,7	17,9	57,0	55,1	56,2	0,1	0,1
Cantabria	-	-	-	10,6	8,0	9,5	54,9	50,4	52,9	-	-
Castela - A Mancha	0,2	0,2	0,2	18,3	12,6	15,9	52,9	45,7	49,8	-	-
Castela e León	0,3	0,7	0,5	22,7	14,9	19,6	55,5	51,3	53,9	0,1	0,1
Cataluña	0,6	0,4	0,5	20,8	15,0	18,2	49,0	48,5	48,8	0,1	0,1
C. Valenciana	0,3	0,6	0,4	16,7	13,1	15,1	57,9	54,3	56,3	0,1	-
Estremadura	0,8	0,8	0,8	14,1	9,9	12,4	64,0	58,2	61,6	-	-
Galicia	0,2	0,1	0,1	11,3	10,9	11,1	59,4	50,3	55,3	-	-
Madrid	0,4	0,4	0,4	11,1	9,4	10,3	51,1	47,5	49,4	0,1	0,1
Murcia	1,4	1,0	1,2	19,3	16,5	18,2	56,1	53,4	55,0	-	-
Navarra	0,1	-	0,1	10,5	7,6	9,2	55,5	47,5	52,0	-	0,1
País Vasco	0,2	-	0,1	7,1	5,9	6,6	46,8	41,3	44,3	-	-
A Rioxa	0,4	0,2	0,3	13,4	9,3	11,7	53,3	46,9	50,6	-	-
Ceuta	2,1	1,2	1,7	15,1	16,5	15,7	59,3	50,0	55,5	-	-
Melilla	2,3	7,1	4,2	26,2	18,5	23,0	46,9	37,8	43,1	-	-
Total	0,5	0,5	0,5	16,5	12,5	14,8	54,3	50,4	52,6	0,1	-

2010

	Analfabetos			Educación primaria			Educación secundaria			Formación e inserción	
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
										(%)	
Andalucía	0,9	0,8	0,9	19,1	14,7	17,2	56,2	51,7	54,3	0,1	-
Aragón	0,3	0,2	0,3	13,7	11,8	12,9	52,8	49,3	51,2	0,1	0,1
Asturias	0,2	0,2	0,3	11,1	9,9	10,5	53,4	48,1	50,9	-	0,1
Baleares	0,9	0,4	0,7	14,2	11,4	12,9	64,6	61,6	63,3	-	-
Canarias	0,4	0,3	0,3	20,6	15,3	18,3	57,0	54,1	55,7	0,1	0,1
Cantabria	-	0,1	0,1	10,3	8,7	9,6	53,2	48,6	51,1	0,1	-
Castela - A Mancha	0,4	0,6	0,5	20,4	13,4	17,6	57,2	53,6	55,8	0,1	-
Castela e León	0,2	0,2	0,2	16,5	11,6	14,4	53,5	46,9	50,6	0,1	-
Cataluña	0,4	0,3	0,4	20,4	15,5	18,2	49,8	46,7	48,4	-	-
C. Valenciana	0,6	0,3	0,5	15,8	12,9	14,5	57,5	53,1	55,6	-	-
Estremadura	0,5	0,3	0,4	12,0	8,5	10,6	66,1	57,0	62,3	-	-
Galicia	-	0,1	0,1	10,3	8,9	9,6	60,1	52,2	56,5	-	-
Madrid	0,3	0,5	0,4	9,9	9,2	9,6	50,0	45,0	47,6	0,1	0,1
Murcia	2,1	1,3	1,7	19,6	15,8	18,0	55,5	53,2	54,5	-	-
Navarra	0,1	0,1	0,1	9,5	6,2	8,1	53,6	45,3	49,9	-	-
País Vasco	0,1	-	-	6,5	6,2	6,3	46,6	41,7	44,4	-	-
A Rioxa	0,4	0,2	0,3	11,7	8,8	10,4	53,6	48,8	51,5	-	-
Ceuta	0,5	4,8	2,1	22,1	14,4	19,3	57,4	47,8	53,9	0,3	0,1
Melilla	0,1	7,3	3,0	27,8	17,5	23,6	51,4	46,3	49,4	-	-
Total	0,5	0,4	0,5	15,8	12,3	14,2	54,3	49,6	52,2	-	-

(1) porcentaxe de activos con respecto ó total
Fonte: INE

de estudios

on laboral	Educación superior, agás doutorado			Doutorado		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
-	23,2	31,1	26,5	0,6	0,4	0,5
0,1	30,0	36,6	32,9	0,9	1,0	0,9
-	33,5	40,9	36,9	1,2	0,8	1,0
-	18,8	26,8	22,4	0,3	0,1	0,3
0,1	21,7	29,4	25,0	0,4	0,2	0,4
-	33,9	41,1	37,1	0,6	0,5	0,5
-	27,9	40,9	33,4	0,6	0,7	0,6
0,1	20,8	32,5	25,6	0,5	0,3	0,4
0,1	28,8	35,6	31,8	0,7	0,5	0,6
-	24,4	31,6	27,5	0,6	0,5	0,6
-	20,7	30,5	24,7	0,4	0,6	0,5
-	28,1	38,0	32,7	0,9	0,6	0,8
0,1	36,3	41,6	38,7	1,0	1,0	1,0
-	22,4	28,5	25,0	0,7	0,6	0,6
0,1	32,8	44,4	37,8	1,1	0,5	0,8
-	45,0	51,9	48,1	0,9	0,8	0,9
-	32,6	43,0	37,0	0,4	0,6	0,5
-	22,9	31,7	26,3	0,8	0,6	0,8
-	24,5	35,9	29,2	0,5	1,1	0,6
0,1	28,0	35,9	31,5	0,7	0,6	0,7

on laboral	Educación superior, agás doutorado			Doutorado		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
-	23,2	32,4	27,2	0,6	0,4	0,5
-	32,5	37,8	34,8	0,9	1,0	0,9
0,1	34,4	41,0	37,4	1,2	0,9	1,0
-	19,8	26,4	22,8	0,4	0,2	0,3
-	21,6	29,9	25,3	0,5	0,2	0,4
0,1	35,9	42,2	38,6	0,6	0,5	0,6
-	21,5	32,1	25,8	0,5	0,4	0,4
-	29,1	40,7	34,1	0,6	0,7	0,7
-	28,8	36,8	32,4	0,7	0,5	0,6
-	25,5	33,2	28,9	0,7	0,5	0,6
-	21,0	33,6	26,3	0,4	0,6	0,5
-	28,9	38,4	33,2	0,9	0,6	0,8
0,1	38,6	44,3	41,3	1,0	1,0	1,0
-	22,4	29,6	25,4	0,7	0,7	0,6
-	35,8	47,8	41,1	1,2	0,5	0,9
-	45,5	51,3	48,2	0,9	0,8	0,9
-	33,9	41,9	37,4	0,4	0,6	0,5
0,2	19,3	32,8	24,2	0,8	0,7	0,7
-	20,7	28,3	23,8	0,4	0,9	0,6
-	28,7	37,1	32,5	0,7	0,6	0,7

número de persoas galegas paradas aumentou no último ano un 20,7% en relación ao ano anterior, unha variación moi importante, aínda que inferior á experimentada o ano anterior, pero superior á experimentada neste ano 2010 no conxunto do Estado español (11,6% más que no ano anterior).

O incremento do paro estimado medrou no último ano tanto nos homes como nas mulleres, aínda que o aumento foi máis acusado no primeiro caso, cunha subida media do 22,6% en relación ao desemprego do ano anterior, fronte ao 18,7% no caso das mulleres. Ao longo do 2010, o incremento da poboación parada, en termos de variacións interanuais, é constante nos catro trimestres do ano, acadando valores superiores ao 20% de variación en relación ao mesmo trimestre do ano anterior, no primeiro, terceiro e cuarto trimestre, chegando neste último a ter o incremento máis elevado (23,3% de parados máis que no cuarto trimestre do ano 2009).

A taxa de variación da poboación parada, no caso dos homes, mostra unha tendencia de lixeira moderación nos incrementos da citada taxa no segundo e terceiro trimestre do ano, acadando no primeiro e cuarto trimestre os valores máis elevados de variación, co 26,4% e co 25%, respectivamente. No que respecta ás taxas de variación da poboación parada feminina, obsérvase un incremento progresivo, agás no terceiro trimestre, así a taxa de variación interanual feminina acada o valor máis elevado no cuarto trimestre do ano co 21,7% de mulleres paradas máis que no cuarto trimestre do ano 2009.

En termos absolutos, dos 34.500 parados máis estimados no conxunto do ano 2010, en torno ás 19.000 persoas son homes e 15.400 mulleres.

As estimacións da *Enquisa de poboación activa* reflicten que 81.300 persoas, o 40,6% da poboación parada galega, leva máis dun ano na procura de emprego (40.300 son mulleres). No extremo contrario, 9.400 parados xa atoparon emprego, 11.500 persoas levan en situación de desemprego menos dun mes e 28.100 persoas, entre un e tres meses. En relación ao acontecido no ano anterior, cómpre salientar que hai 32.200 persoas máis que levan

Asalariados e taxa de temporalidade en Galicia e España 2009-10: distribución segundo tipo de contrato, sector e sexo

	2009												
	Contrato indefinido		Contrato temporal		Total		Taxa de temporalidade						
	sector público	sector privado	sector público	sector privado	sector público	sector privado	sector público	sector privado	Total				
(en miles de persoas)												(%)	
Galicia	139,2	519,2	52,2	188,2	191,4	707,4	27,3	26,6	26,7				
A Coruña	64,7	222,4	22,1	83,2	86,8	305,6	25,5	27,2	26,8				
Lugo	17,6	53,7	6,7	18,0	24,3	71,7	27,6	25,1	25,7				
Ourense	17,7	51,2	7,0	16,6	24,7	67,8	28,3	24,5	25,5				
Pontevedra	39,2	191,9	16,4	70,4	55,6	262,3	29,5	26,8	27,3				
Galicia													
Homes	68,6	294,1	18,0	100,4	86,6	394,4	20,8	25,4	24,6				
Mulleres	70,5	225,2	34,2	87,7	104,8	312,9	32,6	28,0	29,2				
España	2.292,0	9.406,3	770,1	3.212,3	3.062,1	12.618,6	25,1	25,5	25,4				
Homes	1.163,3	5.309,3	279,1	1.742,1	1.442,4	7.051,4	19,3	24,7	23,8				
Mulleres	1.128,7	4.097,1	491,0	1.470,2	1.619,7	5.567,2	30,3	26,4	27,3				
(en miles de persoas)													
(%)													
2010													
	Contrato indefinido		Contrato temporal		Total		Taxa de temporalidade						
	público	privado	público	privado	público	sector privado	público	privado	Total				
Galicia	149,3	497,2	47,2	169,7	196,3	666,8	24,0	25,4	25,1				
A Coruña	73,1	213,2	20,8	71,3	93,8	284,4	22,2	25,1	24,4				
Lugo	17,4	54,7	7,3	15,7	24,7	70,3	29,6	22,3	24,2				
Ourense	18,2	49,2	6,3	14,3	24,5	63,6	25,7	22,5	23,4				
Pontevedra	40,6	180,1	12,8	68,4	53,3	248,5	24,0	27,5	26,9				
Galicia													
Homes	71,5	286,2	15,1	88,1	86,6	374,3	17,4	23,5	22,4				
Mulleres	77,8	211,1	32,1	81,5	109,9	394,4	29,2	20,7	22,5				
España	2.382,9	9.140,8	746,7	3.076,6	3.129,6	12.217,2	23,9	25,2	24,9				
Homes	1.170,7	5.068,8	265,4	1.690,6	1.436,1	6.759,3	18,5	25,0	23,9				
Mulleres	1.212,2	4.072,0	481,3	1.386,0	1.693,5	5.457,9	28,4	25,4	26,1				

Fonte: INE

2.1.12.

máis dun ano na procura de emprego e que aumentan en 8.900 as persoas que levan entre seis e doce meses buscando emprego.

A taxa de paro estimada para Galicia no conxunto do ano 2010 situouse no 15,4%, case tres puntos porcentuais por riba da media anual do ano anterior en Galicia (12,6%), situándose no conxunto do Estado no 20,1%. Ao longo do ano a taxa mantén o seu nivel en torno ao 15% acadando o seu nivel máis alto, co 15,7%, no cuarto trimestre. Como reflicte o **cadro 2.1.5.**, a taxa de paro está sempre por baixo da media española, cun diferencial en torno aos catro puntos porcentuais e medio, nos catro trimestres do ano, ata acadar unha diferenza máxima de 4,9 puntos no terceiro trimestre do ano.

Por sexos, as taxas de desemprego galegas foron inferiores á media estatal, tanto para os homes (14,6% por 19,7% de media en España) como para as mulleres (16,3%, fronte a 20,5% no estado). En Galicia estas porcentaxes medraron en 2,8 puntos no primeiro caso e de 2,7 puntos no que ás mulleres se refire, mentres que en España as medras foron de 2 e 2,1 puntos porcentuais, respectivamente.

O estudio por grupos de idade permite establecer que, ao igual que no ano precedente, a xente máis nova é a que presenta as taxas de desemprego máis elevadas, que se sitúan no 32,6% no caso dos menores de 25 anos. Dentro deste grupo, as persoas entre 16 e 19 anos teñen unha taxa de paro do 48,5%. Estas porcentaxes resultan áinda más elevadas no caso das mulleres con idades

Poboación ocupada en Galicia e España 2009-10: distribución segundo tipo de xornada de traballo

	2009									
	Total		Homes		Mulleres					
	tempo completo	tempo parcial	tempo completo	tempo parcial	tempo completo	tempo parcial				
(en miles de persoas)										
Galicia	1.023,8	127,7	602,1	26,7	421,7	101,0				
España	16.472,9	2.415,1	10.129,9	516,5	6.343,0	1.898,6				
Galicia/España (%)	6,2	5,3	5,9	5,2	6,6	5,3				
2010										
	Total		Homes		Mulleres					
	tempo completo	tempo parcial	tempo completo	tempo parcial	tempo completo	tempo parcial				
	(en miles de persoas)									
Galicia	972,3	128,5	572,4	28,4	399,8	100,0				
España	16.007,3	2.449,2	9.737,4	552,5	6.269,9	1.896,7				
Galicia/España (%)	6,1	5,2	5,9	5,1	6,4	5,3				

Fonte: INE

■ 2.1.13.

Poboación parada 2010: distribución segundo sexo, idade, nivel de formación acadada e tempo de procura de emprego

	Galicia			Galicia/España			10/09		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
	(en miles de persoas)			(%)			(en miles de persoas)		
Total	103,0	97,5	200,4	4,1	4,6	4,3	19,0	15,4	34,5
Grupos de idade									
16-19 anos	4,3	3,9	8,2	3,2	3,9	3,5	-0,9	1,2	0,4
20-24 anos	14,0	11,5	25,5	4,1	4,2	4,1	-0,2	0,1	-0,1
25-34 anos	34,4	32,6	67,0	4,4	5,0	4,7	8,3	4,5	12,8
35-44 anos	24,8	26,1	50,9	4,0	4,6	4,3	7,2	5,4	12,7
45-54 anos	16,4	16,4	32,8	3,9	4,3	4,1	2,5	3,1	5,6
55 e más anos	9,1	7,0	16,0	4,0	5,1	4,4	2,1	1,1	3,1
Nivel de formación acadado									
Analfabetos	„	„	0,4	„	„	0,8	„	„	0,2
Educación primaria	14,3	9,9	24,2	2,3	2,7	2,5	2,8	1,7	4,5
Educación secundaria	68,6	57,0	125,5	4,6	4,6	4,6	14,2	5,3	19,4
Primera etapa	47,8	35,8	83,5	4,9	5,0	5,0	9,8	1,9	11,5
Segunda etapa	20,8	21,2	42,0	3,9	4,0	3,9	4,5	3,4	7,8
Formación e inserción laboral con título de secundaria (2ª etapa)									
Educación superior, agás doutorado	20,0	30,2	50,2	5,2	6,4	5,9	2,7	8,3	10,9
Doutorado	„	„	„	„	„	„	„	„	„
Tempo de procura de emprego									
Xa atopou emprego	4,5	5,0	9,4	3,3	4,0	3,6	-2,0	-0,3	-2,4
Menos de 1 mes	5,8	5,7	11,5	4,4	5,5	4,9	-0,9	-0,6	-1,5
De 1 mes a menos de 3 meses	14,1	14,0	28,1	4,2	4,6	4,4	-0,8	-1,4	-2,2
De 3 meses a menos de 6 meses	14,9	13,0	27,9	4,2	4,6	4,4	-1,4	0,6	-0,8
De 6 meses a menos de 1 ano	22,5	19,6	42,1	4,5	5,1	4,7	3,8	5,1	8,9
De 1 ano a menos de 2 anos	25,2	21,0	46,3	3,6	4,3	3,9	12,7	7,7	20,5
2 anos ou más	15,7	19,3	35,0	4,2	4,7	4,5	7,5	4,2	11,7

Fonte: INE

■ 2.1.14.

Taxas de emprego nas CC.AA. 2009-10: distribución segundo nac.

	2009								
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Españos	Homes	Mulleres	Estranxeiros
Andalucía	51,8	35,5	43,5	51,5	34,3	42,8	54,2	48,3	51,2
Aragón	58,6	44,2	51,4	58,6	42,5	50,5	58,8	57,4	58,1
Asturias	52,0	38,6	45,0	51,5	37,8	44,4	66,1	54,9	59,3
Baleares	59,3	48,3	53,8	60,7	47,4	54,1	54,3	51,2	52,7
Canarias	52,7	39,1	45,9	52,1	38,5	45,3	55,9	42,5	49,1
Cantabria	57,9	42,5	50,0	57,5	41,4	49,3	64,2	57,1	58,9
Castela - A Mancha	56,0	38,3	47,0	55,2	37,8	46,4	68,3	46,1	56,4
Castela e León	56,8	36,7	46,8	56,6	35,6	46,1	58,7	47,3	53,3
Cataluña	58,6	46,6	52,5	58,6	46,0	52,1	58,8	49,8	54,4
C. Valenciana	55,0	41,7	48,3	55,6	40,2	47,8	52,4	48,3	50,3
Estremadura	52,9	32,8	42,8	52,7	32,4	42,4	62,9	47,7	55,1
Galicia	55,2	42,0	48,3	54,7	41,4	47,8	67,1	54,4	60,5
Madrid	62,6	49,3	55,7	62,1	46,3	53,8	64,6	64,6	64,6
Murcia	55,5	42,0	48,8	56,8	40,0	48,2	50,9	52,4	51,6
Navarra	62,1	46,0	54,0	61,5	44,1	52,8	67,1	59,8	63,1
País Vasco	58,2	44,3	51,1	58,1	43,8	50,7	60,9	53,8	57,4
A Rioxoa	60,5	44,2	52,4	60,5	43,3	52,0	60,4	49,1	54,7
Ceuta	59,8	32,4	46,3	61,2	33,9	48,3	24,9	20,7	21,8
Melilla	54,0	27,6	40,1	55,9	31,6	43,5	39,4	-	19,5
Total	56,5	42,1	49,2	56,3	40,7	48,3	58,1	52,2	55,2

	2010								
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Españos	Homes	Mulleres	Estranxeiros
Andalucía	49,5	35,3	42,3	49,4	34,4	41,8	50,2	45,1	47,6
Aragón	56,8	42,5	49,6	55,8	41,2	48,4	64,0	52,3	58,1
Asturias	49,9	37,6	43,4	49,7	36,7	42,9	55,3	53,9	54,6
Baleares	57,5	47,7	52,6	58,5	46,8	52,7	53,9	50,6	52,2
Canarias	49,5	39,1	44,3	49,2	38,0	43,6	51,4	44,9	48,0
Cantabria	56,1	40,7	48,2	55,8	40,0	47,7	61,7	49,0	54,2
Castela - A Mancha	55,5	35,9	45,7	55,1	35,2	45,5	59,2	41,7	50,6
Castela e León	54,5	38,6	46,4	54,0	37,9	45,9	63,2	49,6	55,8
Cataluña	57,3	46,3	51,7	57,1	45,8	51,3	58,5	49,1	53,8
C. Valenciana	52,5	40,4	46,4	53,7	38,9	46,2	47,2	47,2	47,2
Estremadura	51,4	32,9	42,0	51,5	32,6	41,9	48,7	42,3	45,4
Galicia	52,8	40,1	46,2	52,4	39,7	45,8	62,4	50,6	56,1
Madrid	60,8	49,0	54,6	59,7	46,1	52,6	65,9	63,0	64,3
Murcia	54,5	40,8	47,7	54,8	39,6	47,0	53,5	47,6	51,1
Navarra	59,7	46,4	53,0	58,8	44,2	51,5	67,6	63,6	65,5
País Vasco	58,5	45,0	51,5	58,1	44,3	51,0	66,6	56,2	60,9
A Rioxoa	59,3	42,8	51,0	58,6	42,5	50,5	63,9	44,8	54,2
Ceuta	53,2	29,7	41,8	53,6	32,4	43,5	48,8	9,1	26,2
Melilla	53,2	27,8	39,9	53,4	30,3	41,9	51,7	16,3	26,6
Total	54,7	41,6	48,0	54,4	40,3	47,2	56,7	50,8	53,7

Fonte: INE

2.1.15.

comprendidas entre 16 e 19 anos, cun 56,9% de taxa de paro, fronte ao 42,8% no caso dos varóns desa mesma franxa de idade.

Se a análise se fai atendendo á nacionalidade das persoas, Galicia presenta unha medra da taxa de paro tanto

das persoas de nacionalidade española como da poboación estranxeira, do mesmo xeito que acontece no conxunto do Estado.

En 2010 en Galicia, a taxa de paro media foi do 14,9% no que aos españois se refire e do 24,5% no caso da

Nacionalidade e sexo

Estranxeiros-UE			Estranxeiros non UE		
Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
51,0	43,9	47,4	56,1	50,8	53,4
63,6	57,3	60,6	54,6	57,7	56,1
90,4	56,0	73,0	61,1	54,3	56,9
52,3	47,1	49,5	55,5	53,7	54,5
59,7	40,2	49,3	54,6	43,3	49,0
64,2	53,9	58,2	63,9	58,4	60,7
71,7	41,2	55,3	66,0	49,9	57,4
68,2	51,8	60,4	50,7	43,5	47,3
70,9	56,2	63,7	55,8	48,2	52,1
48,2	47,7	48,0	55,0	48,7	51,9
76,8	45,3	61,3	49,8	50,5	50,2
68,9	50,4	59,5	66,7	55,6	60,8
69,8	67,7	68,9	62,3	63,4	62,8
40,3	38,0	39,0	52,2	54,3	53,1
79,1	60,8	69,3	60,6	59,0	59,7
68,5	52,4	60,5	57,9	54,4	56,1
76,6	62,7	68,9	53,0	40,6	47,0
-	-	-	24,9	21,2	22,1
-	-	-	39,4	-	19,5
60,8	51,9	56,4	57,0	52,3	54,7

Estranxeiros-UE			Estranxeiros non UE		
Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
43,0	37,5	40,2	55,1	50,6	52,9
68,2	58,2	63,1	60,7	47,3	54,1
56,4	57,6	57,0	54,9	52,4	53,5
62,1	48,6	54,5	49,5	52,0	50,7
43,0	45,3	44,2	55,2	44,9	49,8
62,0	47,6	54,0	62,1	49,4	54,3
66,1	46,3	56,7	54,4	38,8	46,5
66,7	47,0	57,1	60,3	51,1	55,0
68,3	52,8	61,0	55,5	48,1	51,8
45,9	43,1	44,4	48,3	51,0	49,7
50,7	30,2	40,3	47,0	57,1	52,7
58,9	38,9	49,6	64,2	54,5	58,9
70,0	63,5	66,7	64,2	62,8	63,4
37,2	32,9	35,2	56,0	51,1	54,1
75,2	74,0	74,6	63,5	59,6	61,4
73,9	51,0	62,2	64,8	57,2	60,6
79,7	59,0	68,7	58,6	38,8	48,8
-	-	-	51,8	9,1	26,9
25,0	-	12,5	47,6	16,6	25,6
56,8	48,1	52,4	56,6	52,1	54,3

poboación estranxeira, cando no ano anterior estas porcentaxes se situaban no 12,2% e 20,1%, respectivamente.

As taxas de paro en Galicia, aínda que por debaixo da observadas de media no conxunto do Estado, incremén-tanxe de xeito importante respecto ao ano anterior. Destacan as taxas de paro femininas, tanto das mulleres de nacionalidade española (15,7% fronte a niveis en torno ao 13,1% do 2009) como estranxeiras (25,7% no ano 2010 contra o 21,2% do ano anterior).

A desagregación da taxa de desemprego segundo provincias amosa que Lugo e A Coruña presentan os rexistros máis baixos, situados no 10,9% e no 14% respectivamente, en tanto que en Ourense esta porcentaxe é do 16,5% e en Pontevedra supera o 18%.

Datos rexistrados nas oficinas de emprego

Os datos do paro rexistrado amosan a moderación no seu ritmo de variación consecuencia da crise económica; nembargante, fronte á menor intensidade no axuste laboral, o elevado nivel acumulado de desempregados, pasou a converterse no principal elemento de preocupación no mercado laboral galego así como estatal. O número de persoas paradas rexistradas nas oficinas de emprego de Galicia medrou ao longo do ano 2010 en 20.000 persoas (media anual), acadando as 226.200 persoas desempregadas (o 5,5% do paro rexistrado de media en España). Ao igual que no ano anterior, Galicia segue mostrando un mellor comportamento en relación á media española, dado que o paro medra un 9,7% en Galicia fronte ao 11,4% de media en España.


Os datos interanuais mostran en Galicia variacións do paro rexistrado por encima do 10%, seguindo a tendencia iniciada a finais do ano anterior, nos cinco primeiros meses do ano. Como se reflicte no **cadro 2.1.16.**, a taxa de variación interanual diminúe progresivamente ao longo do ano, acadando valores inferiores ao 10% a partir do mes de xuño, chegando esta taxa ao seu nivel máis baixo no mes de decembro, onde o paro rexistrado foi un 6,5% maior ao rexistrado no mesmo mes do ano anterior. En termos absolutos, comparando os datos de decembro de 2010 cos do mesmo mes do ano anterior,

Paro rexistrado en Galicia e España 2009-10

	Galicia	España	Galicia /España	Galicia	España
	(en miles de persoas)	(%)		(taxa de variação interanual)	
2009					
xaneiro	201,3	3.327,8	6,05	23,1	59,8
febreiro	206,6	3.481,9	5,93	28,4	67,8
marzo	211,5	3.605,4	5,87	32,3	75,1
abril	210,7	3.644,9	5,78	35,5	80,2
maio	207,5	3.620,1	5,73	40,0	83,5
xuño	200,2	3.564,9	5,62	39,9	81,3
xullo	192,9	3.544,1	5,44	37,8	79,9
agosto	195,2	3.629,1	5,38	39,2	78,9
setembro	200,5	3.709,4	5,40	42,2	83,9
outubro	208,9	3.808,4	5,49	42,7	85,9
novembro	216,8	3.868,9	5,60	42,0	84,7
decembro	222,8	3.923,6	5,68	43,8	84,2
2010					
xaneiro	231,6	4.048,5	5,72	15,0	21,7
febreiro	234,2	4.130,6	5,67	13,4	18,6
marzo	236,4	4.166,6	5,67	11,8	15,6
abril	233,9	4.142,4	5,65	11,0	13,6
maio	228,5	4.066,2	5,62	10,1	12,3
xuño	219,8	3.982,4	5,52	9,8	11,7
xullo	209,8	3.908,6	5,37	8,8	10,3
agosto	211,5	3.969,7	5,33	8,3	9,4
setembro	216,1	4.017,8	5,38	7,8	8,3
outubro	223,9	4.086,0	5,48	7,2	7,3
novembro	231,7	4.110,3	5,64	6,9	6,2
decembro	237,3	4.100,1	5,79	6,5	4,5

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

Paro rexistrado 2009-2010: evolución mensual



Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

2.1.16.

Paro rexistrado en Galicia e España 2009-10 (1): distribución segundo sector económico

2009						
	Total	Agricultura e Pesca	Industria	Construcción	Servizos	Sen emprego anterior
Galicia	206.245	5.579	33.149	31.826	115.710	19.983
A Coruña	82.938	1.868	12.463	13.490	47.148	7.969
Lugo	19.180	625	2.017	3.188	11.338	2.012
Ourense	23.416	764	3.888	3.438	12.975	2.352
Pontevedra	80.712	2.322	14.781	11.710	44.248	7.651
España	3.644.041	96.013	486.002	714.784	2.096.585	250.655
Galicia/España (%)	5,7	5,8	6,8	4,5	5,5	8,0

2010						
	Total	Agricultura e Pesca	Industria	Construcción	Servizos	Sen emprego anterior
Galicia	226.237	6.080	34.752	35.723	123.493	26.189
A Coruña	90.008	1.976	12.814	14.970	50.016	10.233
Lugo	21.602	757	2.211	3.574	12.366	2.694
Ourense	25.462	890	3.965	3.838	13.763	3.006
Pontevedra	89.165	2.458	15.763	13.341	47.348	10.255
España	4.060.759	122.051	500.438	754.940	2.347.729	335.602
Galicia/España (%)	5,6	5,0	6,9	4,7	5,3	7,8

(1) medias anuais

Fonte: IGE e Ministerio de Trabajo e Inmigración

■ 2.1.17.**Demandas de emprego rexistradas en Galicia e España 2009-10 (1)**

	2009			2010			10/09	
	Galicia	España	G/E (%)	Galicia	España	G/E (%)	Galicia	España
Demandas emprego pendentes	266.861	4.983.119	5,4	299.193	5.504.411	5,4	12,1	10,5
Demandantes non parados	60.616	1.339.078	4,5	61.880	1.404.338	4,4	2,1	4,9
dispoñibilidade limitada	13.785	136.626	10,1	10.858	163.136	6,7	-21,2	19,4
con relación laboral	11.193	210.129	5,3	13.690	259.868	5,3	22,3	23,7
TEASS	156.555	-	-	-	130.232	-	-	-16,8
ocupados	26.929	667.842	4,0	27.657	696.128	4,0	2,7	4,2
d. empregos específicos	2.241	53.106	4,2	2.340	58.547	4,0	4,4	10,2
outros	6.468	114.819	5,6	7.335	96.427	7,6	13,4	-16,0
Paro rexistrado	206.245	3.644.041	5,7	237.313	4.100.073	5,8	15,1	12,5
Demandas emprego non ocupados	212.714	3.915.365	5,4	244.648	4.326.732	5,7	15,0	10,5

(1) en medias anuais, calculadas coma a media dos datos correspondentes a cada un dos meses do ano

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal

■ 2.1.18.

o número de persoas paradas rexistradas nas oficinas de emprego medrou en 14.500 persoas.

O estancamiento económico influíu no feito de que o paro rexistrado medrara en todos os sectores produtivos e nas catro provincias galegas. Dunha banda, no que á distribución provincial se refire, Pontevedra segue a ser

no ano 2010 a provincia que rexistra os maiores incrementos en termos absolutos, con 8.453 persoas máis, e Lugo presenta o maior incremento en termos relativos, cunha medra do 12,6% respecto ao ano anterior (2.422 desempregados máis). Deste xeito, A Coruña segue a ser a provincia que acolle o maior número de desempregados, con 90.008 persoas, seguida pola provincia de Pon-

Contratos iniciais de traballo e contratos convertidos en indefinidos en Galicia e España 2009-10: distribución segundo tipo

	2009						Galicia/España (%)	
	Galicia			España				
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total		
(en miles de persoas)								
Contratos de duración indefinida	21.002	16.466	37.468	420.523	371.464	791.987	4,7	
Indefinido ordinario	15.307	10.536	25.843	327.067	275.737	602.804	4,3	
Indefinido de fomento de emprego	5.327	5.721	11.048	88.590	92.627	181.217	6,1	
Indefinido minusválidos	368	209	577	4.866	3.100	7.966	7,2	
Contratos de duración temporal	313.716	302.373	616.089	6.739.225	5.970.198	12.709.423	4,8	
Obra ou servizo	142.262	101.031	243.293	3.448.050	2.021.106	5.469.156	4,4	
Eventual segundo circunstancias da producción	127.216	129.909	257.125	2.743.195	2.722.103	5.465.298	4,7	
Interinidadade	20.923	59.899	80.822	390.224	1.111.785	1.502.009	5,4	
Temporais para minusválidos	517	329	846	8.007	5.128	13.135	6,4	
Temporais de inserción	-	-	-	-	-	-	-	
Relevo	1.086	568	1.654	22.350	11.812	34.162	4,8	
Xubilación parcial	1.446	444	1.890	28.449	8.069	36.518	5,2	
C. de sustitución por xubilación aos 64 anos	51	39	90	1.294	826	2.120	4,2	
Contrato en prácticas	1.600	1.827	3.427	19.640	23.649	43.289	7,9	
Contrato para a formación	3.699	2.951	6.650	33.758	27.769	61.527	10,8	
Outros contratos	14.916	5.376	20.292	44.258	37.951	82.209	24,7	
Contratos convertidos en indefinidos	15.497	14.077	29.574	275.527	244.900	520.427	5,7	
Total contratos	350.215	332.916	683.131	7.435.275	6.586.562	14.021.837	4,9	
2010								
	Galicia			España			Galicia/España Total	
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total		
	(en miles de persoas)			(en miles de persoas)				
Contratos de duración indefinida	18.565	13.895	32.460	404.412	334.364	738.776	4,4	
Indefinido ordinario	13.955	9.060	23.015	323.553	256.380	579.933	4,0	
Indefinido de fomento de emprego	4.324	4.640	8.964	75.963	74.695	150.658	5,9	
Indefinido minusválidos	286	195	481	4.896	3.289	8.185	5,9	
Contratos de duración temporal	321.315	299.297	620.612	7.146.248	6.042.688	13.188.936	4,7	
Obra ou servizo	140.258	98.557	238.815	3.581.664	2.042.012	5.623.676	4,2	
Eventual segundo circunstancias da producción	137.348	129.839	267.187	2.992.284	2.759.941	5.752.225	4,6	
Interinidadade	23.287	61.101	84.388	431.130	1.135.869	1.566.999	5,4	
Temporais pers. discapacidade	562	353	915	8.972	5.513	14.485	6,3	
Relevo	606	300	906	13.514	6.945	20.459	-	
Xubilación parcial	1.066	280	1.346	22.466	5.321	27.787	4,8	
C. de sustitución por xubilación aos 64 anos	55	40	95	1.284	936	2.220	4,3	
Contrato en prácticas	1.440	1.701	3.141	22.023	25.513	47.536	6,6	
Contrato para a formación	3.253	2.767	6.020	31.047	28.000	59.047	10,2	
Outros contratos	13.440	4.359	17.799	41.864	32.638	74.502	23,9	
Contratos convertidos en indefinidos	14.021	13.531	27.552	262.079	227.359	489.438	5,6	
Total contratos	353.901	326.723	680.624	7.812.739	6.604.411	14.417.150	4,7	

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal

2.1.19.

tevedra con 89.165 persoas rexistradas como parados.

Doutra banda, tanto no conxunto do Estado como en Galicia, o sector servizos rexistra en 2010 o maior número de parados, ao acoller o 57,8% dos parados totais existentes en España e o 54,6% en Galicia. Na comunitade galega séguelle en importancia a construcción, co 15,8%, e as actividades industriais, co 15,4%; no con-

xunto do Estado a orde é a mesma: a construcción acolle o 18,6% dos desempregados rexistrados nos servizos públicos de emprego e a industria o 12,3%.

Tal como aconteceu no ano 2009, o sector da construcción é o que presenta as maiores taxas de crecemento no número de parados rexistrados, cunha medra do número de desempregados do 12,2% en Galicia (5,6%

Contratos iniciais de traballo e contratos convertidos en indefinidos en Galicia e España 2010: distribución segundo tipo de contrato e grupo de idade

	Total	Galicia					Mulleres				
		< 25	25 - 29	30 - 39	40 - 44	>= 45	< 25	25 - 29	30 - 39	40 - 44	>= 45
Contratos de duración indefinida											
Indefinido ordinario	23.015	1.394	2.077	5.454	2.053	2.977	1.115	1.625	3.827	1.183	1.310
Indefinido de fomento de emprego	8.964	957	1.057	663	181	1.466	1.275	1.449	617	169	1.130
Indefinido minusválidos	481	15	38	89	45	99	17	21	65	34	58
Contratos de duración temporal											
Obra ou servizo	238.815	27.379	27.925	43.947	14.684	26.323	19.913	19.732	30.690	11.003	17.219
Eventual segundo circunstancias da producción	267.187	32.350	29.410	43.214	12.097	20.277	32.170	27.892	39.151	13.380	17.246
Interinidad	84.388	4.429	5.327	8.025	2.257	3.249	8.667	10.850	19.243	8.362	13.979
Temporais para minusválidos	915	41	58	191	116	156	13	39	140	70	91
Relevo	906	90	147	209	59	101	39	65	116	39	41
Xubilación parcial	1.346	0	0	0	0	1.066	0	0	0	0	280
C. de sustitución por xubilación aos 64 anos	95	8	8	21	7	11	4	5	10	6	15
Contrato en prácticas	3.141	787	534	114	3	2	900	649	139	6	7
Contrato para a formación	6.020	2.584	116	176	73	304	1.852	153	314	153	295
Outros contratos	17.799	539	1.045	4.164	2.073	5.619	574	1.103	1.450	478	754
Contratos convertidos en indefinidos											
Obra ou servizo	7.825	433	834	1.569	512	891	283	750	1.402	446	705
Eventual segundo circunstancias da producción	16.733	1.407	1.807	2.983	849	1.111	1.604	2.144	2.988	838	1.002
Interinidad	633	30	52	89	32	25	71	98	141	40	55
Temporais para minusválidos	210	5	17	44	18	58	2	9	25	10	22
Relevo	827	13	150	294	35	52	13	88	130	27	25
Xubilación parcial	25	3	3	7	2	3	1	2	2	0	2
Contrato en prácticas	952	207	202	59	0	1	200	226	54	1	2
Contrato para a formación	335	212	1	2	0	0	120	0	0	0	0
Outros contratos	12	0	2	5	1	1	0	0	3	0	0
España											
	Total	Homes					Mulleres				
		< 25	25 - 29	30 - 39	40 - 44	>= 45	< 25	25 - 29	30 - 39	40 - 44	>= 45
Contratos de duración indefinida											
Indefinido ordinario	579.933	40.950	55.550	127.097	42.220	57.736	39.612	47.032	97.229	32.900	39.607
Indefinido de fomento de emprego	150.658	16.818	18.454	10.921	3.197	26.573	19.018	20.196	11.055	2.907	21.519
Indefinido minusválidos	8.185	340	448	1.465	796	1.847	275	349	905	577	1.183
Contratos de duración temporal											
Obra ou servizo	5.623.676	660.923	639.102	1.177.044	418.562	686.033	478.564	383.692	589.052	231.650	359.054
Eventual segundo circunstancias da producción	5.752.225	711.614	567.256	915.602	303.398	494.414	669.386	520.815	784.837	310.825	474.078
Interinidad	1.566.999	96.655	95.164	137.409	41.153	60.749	210.094	200.551	317.453	146.774	260.997
Temporais para minusválidos	14.485	775	921	2.862	1.515	2.899	511	656	1.747	904	1.695
Relevo	20.459	1.790	2.593	5.102	1.660	2.369	877	1.385	2.476	866	1.341
Xubilación parcial	27.787	0	0	0	0	22.466	0	0	0	0	5.321
C. de sustitución por xubilación aos 64 anos	2.220	132	203	456	179	314	61	120	279	162	314
Contrato en prácticas	47.536	10.804	9.059	1.958	126	76	12.756	10.183	2.220	194	160
Contrato para a formación	59.047	21.437	1.623	3.231	1.659	3.097	15.660	1.740	4.530	2.485	3.585
Outros contratos	74.502	5.485	5.705	12.616	5.347	12.711	4.189	6.711	9.934	4.039	7.765
Contratos convertidos en indefinidos											
Obra ou servizo	121.397	7.748	14.218	27.040	8.327	12.833	5.189	11.236	18.524	6.095	10.187
Eventual segundo circunstancias da producción	322.413	29.226	35.518	62.581	18.658	22.380	32.532	37.136	51.229	15.159	17.994
Interinidad	14.215	787	1.023	1.744	488	599	1.677	2.279	3.276	956	1.386
Temporais para minusválidos	3.762	153	235	676	345	918	79	169	435	232	520
Relevo	10.497	556	1.785	3.449	776	965	138	699	1.325	316	488
Xubilación parcial	501	37	69	124	34	81	15	23	65	19	34
Contrato en prácticas	13.550	2.206	3.734	767	28	12	2.413	3.608	697	38	47
Contrato para a formación	2.886	1.750	20	34	12	19	1.018	5	15	3	10
Outros contratos	217	11	16	39	17	41	7	15	27	17	27

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal

Contratos de traballo de duración temporal 2010

	Total contratos		contratos de duración ata 6 meses				
	Total	igual ou menor de 7 días	entre 7 e 15 días	entre 15 días e 1 mes	entre 1 e 3 meses	entre 3 e 6 meses	entre 6 e 12 meses
Por obra ou servizo determinado	238.815	40.701	21.293	3.167	3.169	6.564	
					menos de 1 mes	entre 1 e 3 meses	entre 3 e 6 meses
Eventuais por circunstancias produción	267.187	259.379			143.613	69.117	
Interinidade			igual ou menor de 7 días	entre 7 e 15 días	entre 15 días e 1 mes	entre 1 e 3 meses	entre 3 e 6 meses
	84.388	38.763	11.494	7.732	10.997	5.877	
Temporais para minusválidos	915	-			entre 15 días e 1 mes	entre 1 e 3 meses	entre 3 e 6 meses
			igual ou menor de 7 días	entre 7 e 15 días			
De relevo	906	10	1	-	-	-	4
Xubilación Parcial	1.346	12	5	-	-	1	1
Substitución xub. 64 anos	95	-	-	-	-	-	
			igual ou menor de 7 días	entre 7 e 15 días	entre 15 días e 1 mes	entre 1 e 3 meses	entre 3 e 6 meses
Prácticas	3.141	2.034					
Formación	6.020	5.453					
			igual ou menor de 7 días	entre 7 e 15 días	entre 15 días e 1 mes	entre 1 e 3 meses	entre 3 e 6 meses
Outros	17.799	14.622	14.198	51	13	55	
Total	620.612	360.974	46.991	10.950	157.793	81.618	
% / total	100	58,2	7,6	1,8	25,4	13,2	

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal

2.1.21.

de media en España) por diante das actividades do sector servizos, co 6,7%, e a industria, co 4,8%. Por contra, en termos absolutos, do incremento en 19.992 parados rexistrados nos catro sectores produtivos en Galicia, en relación ao ano anterior, 7.783 persoas, o 38,4%, pertencen ao sector servizos, e 3.897 persoas, o 19,5%, ao da construcción.

As taxas de cobertura das prestacións por desemprego amosan unha mellora en 2010 respecto ao ano anterior, tanto en Galicia como en España. O incremento da taxa é especialmente significativo no caso galego, porque pasa do 70% ata o 74,8% no 2010, mentres que no conxunto de España medra desde o 75,5% ata o 78,2%. Con estes datos, o diferencial entre as taxas galega e española redúcese desde os cinco puntos e medio do ano anterior ata os tres puntos con catro décimas en 2010.

• Contratación

O ano 2010 caracterízase, ao igual que o ano anterior,

pola caída dos contratos iniciais de traballo e dos contratos convertidos en indefinidos, tanto no conxunto do Estado como en Galicia. O número total de contratos rexistrados descendeu en Galicia un 0,4%, acadando os 680.624, o que representa o 4,7% do total estatal. Destas contratacións, 653.072 corresponden a contratos iniciais (o 4,7% dos rexistrados en España) e 27.552, a contratos convertidos en indefinidos (o 5,6% das conversións estatais). En relación ao ano precedente, o número de contratos iniciais permanece estable e o das conversións descende un 6,8%.

Respecto ao fluxo de entrada ao emprego indefinido, sen contar ás conversións, os datos do **2.1.19.** indican a caída das contratacións nos tres tipos de contratos existentes dentro da contratación con duración indefinida, tanto para o caso dos homes como das mulleres. O número total de contratos indefinidos redúcese un 13,4% en relación aos datos de 2009, situándose nos 32.460 contratos (5.008 menos), dos

	contratos de más de 6 meses	subtotal	contratos de duración indeterminada
entre 3 e 6 meses			
6.508	7.113	47.814	191.001
entre 3 e 6 meses			
46.649	7.808	267.187	-
entre 3 e 6 meses			
2.663	509	39.272	45.116
-	915	915	-
entre 3 e 6 meses			
5	896	906	-
5	1.247	1.259	87
-	95	95	-
até ou menor de 6 meses			
2.034	1.107	3.141	-
5.453	567	6.020	-
entre 3 e 6 meses			
305	172	14.794	3.005
63.622	20.429	381.403	239.209
10,3	3,3	61,5	38,5

que 18.565 foron asinados por homes (2.437 menos que no ano precedente) e os 13.895 contratos restantes (2.571 menos), por mulleres.

A contratación temporal cambia a tendencia e no ano 2010 increménтанse os contratos iniciais de duración temporal, nun 0,7%, o que implica 4.523 contratos temporais máis que no ano 2009. Tendo en conta os tipos de contratos de duración temporal, obsérvase que os contratos eventuais segundo circunstancias da producción, os de interinidade, os temporais para persoas con discapacidade e os contratos de substitución por xubilación aos 64 presentan unha medra do número de contratos, compensando a redución dos restantes tipos de contratos temporais.

Tras un incremento de catro mil quinientos contratos, o 0,7% respecto aos datos de 2009, no último ano rexistráronse un total de 620.612 contratos de duración temporal, dos que 321.315 foron asinados por homes (7.599

contratos máis), fronte á redución en máis de 3.000 contratos na contratación temporal de mulleres.

A importancia relativa dos contratos de duración temporal en Galicia no total estatal descende ao 4,7%, sendo esta porcentaxe do 4,5% no caso dos homes e do 4,9% no das mulleres. Os contratos eventuais segundo circunstancias da producción e os de obra ou servizo seguen sendo os más numerosos, ao acoller o 43% e o 38,5%, respectivamente.

Por mor do peso relativo dos contratos por obra ou servizo determinado, o 38,5% dos contratos temporais (239.209 contratos) teñen unha duración indeterminada. Entre os contratos cunha duración concreta, que son máis do 60% dos temporais, só unha mínima parte asínanse por máis de seis meses (significan apenas 20.429 dun total de 381.403 contratos). A este respecto, e tal como se mostra no **cadro 2.1.21.**, o 43,7% dos contratos temporais de duración ata 6 meses son contratos de duración entre 15 días e 1 mes e o 13%, de sete ou menos días.

Atendendo á distribución segundo sectores e ramas de actividade, o 22,3% das contratacóns pertencen á rama de “actividades administrativas e servizos auxiliares”, con 145.747 contratos, por diante da hostalería, con 82.348 contratos (o 12,6%); a construción, con 57.874 contratos (8,9%); e o “comercio, por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor”, con 54.748 contratos (8,4%).

A contratación a tempo parcial ten unha salientable importancia, sobre todo no caso do emprego feminino. Se no total de contratos galegos, o 71% corresponden a xornada completa e apenas unha cuarta parte, a tempo parcial (os fixos discontinuos teñen escasa importancia numérica, son 3.652), as cifras difiren notablemente por sexos. No caso das mulleres, preto de 186.000 contratos foron por xornada completa, pero máis de 123.000 asínáronse a tempo parcial. Isto é, no emprego feminino en Galicia a xornada parcial supón aproximadamente o 39,7% do total de contratos asinados por mulleres, mentres que no caso dos homes, só traballan a tempo parcial un 18% dos galegos.

Contratos de traballo en Galicia e España 2010: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		G/E
	(% / total)		(% / total)		(%)
Sector primario	20.424	3,1	1.851.691	13,3	1,1
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	20.424	3,1	1.851.691	13,3	1,1
Industria	53.981	8,3	801.896	5,8	6,7
Industrias extractivas	687	0,1	8.101	0,1	8,5
Industria manufactureira	49.766	7,6	699.782	5,0	7,1
Suministro enerxía eléctrica, gas, vapor e A.A.	176	0,0	3.892	0,0	4,5
	3.352	0,5	90.121	0,6	3,7
Sum. agua, act. saneam., xestión de residuos e descontaminación					
Construcción	57.874	8,9	1.416.028	10,2	4,1
Servizos	520.793	79,7	9.858.097	70,8	5,3
Comercio por xunto e polo miúdo, rep. vehículos motor	65.662	10,1	1.198.566	8,6	5,5
Transp. e almacenamento	54.748	8,4	467.660	3,4	11,7
Hostelería	82.348	12,6	1.555.592	11,2	5,3
Informac. comunicac.	15.686	2,4	262.846	1,9	6,0
Actividades financeiras e seguros	2.164	0,3	54.653	0,4	4,0
Actividades inmobiliar.	706	0,1	29.077	0,2	2,4
Activ. prof. cient.e tecn.	22.852	3,5	451.017	3,2	5,1
Activ. admin e serv. aux.	145.747	22,3	3.231.235	23,2	4,5
Admón. publ. def. e sso.	22.428	3,4	496.482	3,6	4,5
Educación	23.861	3,7	474.659	3,4	5,0
Activ. san. e serv. soc.	31.363	4,8	886.782	6,4	3,5
Act. artist. recr. e ent.	38.248	5,9	459.299	3,3	8,3
Outros servizos	14.586	2,2	262.587	1,9	5,6
Act. fogar	379	0,1	26.344	0,2	1,4
Act. de organiz. e organismos extra-territoriais	15	0,0	1.298	0,0	1,2
Total	653.072	100	13.927.712	100	4,7

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal

■ 2.1.22.

Empresas de traballo temporal e contratos de posta a disposición nas CC.AA. 2009-10 (1)

	2009		2010		10/09	
	ETTs	contratos	ETTs	contratos	ETTs	contratos
Andalucía	68	188.332	68	190.029	0	1.697
Aragón	35	35.620	32	49.927	-3	14.307
Asturias	21	24.931	20	32.752	-1	7.821
Baleares	15	12.765	14	13.324	-1	559
Canarias	23	75.615	23	82.583	0	6.968
Cantabria	15	18.507	15	21.600	0	3.093
Castela - A Mancha	35	51.192	33	53.684	-2	2.492
Castela e León	25	100.338	25	113.649	0	13.311
Cataluña	106	311.347	103	364.119	-3	52.772
C. Valenciana	82	214.642	73	266.661	-9	52.019
Extremadura	8	7.461	8	7.580	0	119
Galicia	23	75.151	23	83.331	0	8.180
A Coruña		29.111		32.343		3.232
Lugo		5.571		6.072		501
Ourense		3.917		5.257		1.340
Pontevedra		36.552		39.659		3.107
Madrid	100	280.399	104	324.502	4	44.103
Murcia	49	139.592	47	162.811	-2	23.219
Navarra	22	45.753	21	59.766	-1	14.013
País Vasco	42	96.664	43	117.995	1	21.331
A Rioxá	9	12.264	10	13.251	1	987
Ceuta e Melilla	-	-	-	-	0	-
Total	678	1.690.573	662	1.957.564	-16	266.991

(1) ETTs con autorización a 31 de decembro de cada ano segundo C.A. de ubicación dos seus centros de traballo

Fonte: Ministerio de Traballo e Inmigración

■ 2.1.23.

Empresas de traballo temporal (ETT)

A tendencia á diminución do número de contratos xestionados polas empresas de traballo temporal en Galicia, apuntada en anos anteriores, rómpese no ano 2010. Neste último exercicio, as 23 ETTs que operaron en Galicia asinaron un total de 83.331 contratos de posta a disposición, un incremento de 8.180 contratos (en termos porcentuais, aproximadamente un 11%). Mentre que o número de ETTs en Galicia se mantivo constante, no conxunto do Estado rexistrouse una merma, ao pasar de 678 a 662 empresas en 2010. Con estes datos, a importancia relativa das ETTs operativas en Galicia foi do 3,5% do total español (fora dun 3,4% o ano anterior) e o número de contratos de posta a disposición en Galicia, foi un 4,4% do total (4,6% en 2009).

O incremento do número de contratos é compartida polas catro provincias galegas. O maior incremento, en termos absolutos, corresponde á provincia de A Coruña, con preto de 3.200 contratos máis. Logo dun incremento de 3.107 destes contratos, Pontevedra segue a ser a provincia que máis utiliza ás ETTs: asináronse case 40.000 contratos en 2010. Como mostra o [cadro 2.1.23.](#), Lugo e Ourense presentaron incrementos más moderados en termos absolutos pero moi significativos porcentualmente, sendo salientable o incremento do 34,2% dos contratos de posta a disposición na provincia de Ourense. ■

2.2.

RELACIÓNS LABORAIS

Neste apartado faise fincapé en dous indicadores fundamentais relativos ás relacións laborais como son a negociación colectiva e a conflictividade laboral, sendo os aspectos más salientables o descenso do número de expedientes de regulación de emprego autorizados e dos traballadores afectados polos mesmos e a reducción das cifras globais de conflictividade laboral, nun ano no que se convocou unha folga xeral.

Negociación colectiva

O número de convenios colectivos –vixentes ou prorrogados tacitamente– existentes en Galicia a 31 de decembro de 2010 ascendeu ata os 816, un 2,4% máis que no ano anterior. O 83,9% destes acordos laborais (685 convenios) corresponde a convenios de empresa.

Ao longo do último ano os convenios colectivos asinados e/ou revisados ascenderon a 199 (147 asinados e 52 revisados), 35 convenios menos que no ano anterior, que afectaron a un total de 175.419 traballadores, 177.517 traballadores menos que o ano anterior. En 2010 negociáronse por primeira vez un total de 3 convenios (no ano anterior negociáranse por primeira vez 34 convenios), con 5.213 traballadores afectados (2.867 traballadores máis que en 2009).

O 7,5% dos convenios colectivos asinados no último

ano teñen un ámbito de aplicación superior ao provincial. No resto dos convenios asinados en 2010 con vixencia expresa en 2010, a provincia de Pontevedra é a que concentra o maior número, con 63 (o 42,8%), seguida pola provincia de A Coruña, co 24,5% dos convenios asinados en Galicia no ano 2010 (36 convenios).

Os 61 convenios de sector afectaron en 2010 a 161.991 traballadores, o que significa que o 30,6% dos convenios afectan ao 92,3% dos traballadores. Os 138 convenios de empresa afectan ao 7,6% dos traballadores.

O incremento salarial medio pactado nos 199 convenios asinados ou revisados en 2010 –calculado en base ao incremento salarial en porcentaxe indicado nos convenios e tendo en conta as cláusulas de revisión salarial pactadas nos convenios asinados e revisados nese ano– foi de 2,69%, o máis baixo do que se ten rexistro, (3,31% no ano anterior), catro décimas inferior ao IPC galego, que foi do 3,1%, e tamén inferior ao estatal, que se situou no 3%.

A xornada media efectiva por traballador en Galicia desceude no último ano dende as 1.607,1 horas de 2009 ata as 1.593,7 horas de 2010. Esta cifra sitúa a Galicia como a quinta comunidade autónoma con maior xornada media efectiva por traballador, tras Canarias, Baleares, Castela-A Mancha e Madrid (**adro 2.2.4.**).

Convenios colectivos existentes 2009-10 (1)

2009

	Total	C.A. / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	797	65	256	95	86	295
Sector	129	17	34	23	21	34
Empresa	668	48	222	72	65	261

2010

	Total	C.A. / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	816	67	265	96	85	303
Sector	131	19	34	23	21	34
Empresa	685	48	231	73	64	269

(1) convenios colectivos, vixentes ou prorrogados tacitamente, a 31 de decembro de cada ano; no total inclúense tamén acordos reguladores; os datos 2010 son provisionais

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

■ 2.2.1.

Convenios colectivos e revisións salariais negociados con efectos para 2009-10

2009

	Total		Convenios asinados		Convenios renovados		Negociados por 1ª vez	
	convenios	traball.	convenios	traball.	convenios	traball.	convenios	traball.
Total	234	352.936	161	107.488	73	245.448	34	2.346
Sector	74	337.109	30	95.558	44	241.551	2	570
Empresa	160	15.827	131	11.930	29	3.897	32	1.776

2010 (1)

